

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 14 de decembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día catorce de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1288).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1289).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 1017/2016 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS, EN RELACIÓN COA EXCLUSIÓN DE CLECE S.A. DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS**

**SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14892/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 13/12/16, da xefa do servizo de Contratación:

*“1º.- Dáse conta da Resolución nº 1017/2016 do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1017/2016, interposto pola mercantil CLECE, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, de exclusión da citada do procedemento aberto para a prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes do concello de Vigo.*

*Transcríbense a continuación o acordo:*

*“Primeiro.- Estimar parcialmente polos razonamentos expostos no recurso interposto por D<sup>a</sup> Beatriz Suarez Pariente en nome e representación de CLECE, S.A., contra o acordo de exclusión da Xunta de Goberno de Local do concello de Vigo de 29 de xullo de 2016 no expediente para a contratación da prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes do concello de Vigo expediente 14892-333 acordando a retroacción de actuacións ao momento inmediatamente anterior a exclusión da oferta para que sexa admitida.*

*Segundo.- Levanta-la suspensión do procedemento acordada de conformidade co previsto no artigo 47.4 do TRLCSP.*

*Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 de TRLCSP.”*

*2º.- Retrotraer as actuacións do expediente ao momento inmediatamente anterior á exclusión da oferta de CLECE, S.A., para que sexa admitida”.*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**3(1290).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR VARIOS INTERESADOS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 13/12/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

**NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

## **ANTECEDENTES:**

En data 25 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local acordou “Desestimar as alegacións formuladas por: D<sup>a</sup>. Julia Reboreda Barcia, D<sup>a</sup>. Maria del Tránsito Fernández Fernández, D. Francisco Javier Estévez Rodríguez, D. Jesús Fernández Rodríguez e D<sup>a</sup>. Mirian Viñas Cochón, en datas 2, 4, 8, 11 e 16 de novembro de 2016 respectivamente, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos I, II, III e IV”.

No entanto, por erro incluíuse entre as alegacións formuladas ao Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Mirian Viñas Cochón, na súa calidade de secretaria provincial do sector de Administración Local e servizos da FeSP-UGT en Pontevedra, en data 16 de novembro de 2016, e referidas ao prego que rexe a concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LRJAP).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro ao incluír a resposta dunha cuestión relativa a outro expediente. En consecuencia procede eliminar do acordo as referencias as alegacións formuladas pola Sra. Cochón, e dicir, o antecedente sétimo, o apartado b do fundamento xurídico primeiro, o fundamento xurídico cuarto e a mención as mesmas na parte dispositiva.

**Segundo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Rectificar o acordo de contestación ás alegacións formuladas por varios interesados ao Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 25 de novembro de 2016:*

*1º.- Eliminando do mesmo o antecedente sétimo, o apartado b do fundamento xurídico primeiro, o fundamento xurídico cuarto e a mención as mesmas na parte dispositiva, por referirse as alegacións formuladas por D<sup>a</sup>. Mirian Viñas Cochón, na súa calidade de secretaria provincial do sector de Administración Local e servizos da FeSP-UGT en Pontevedra, en data 16 de novembro de 2016, e referidas ao prego que rexe a concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210).*

*2º.- Renumerando o fundamento xurídico quinto, que pasaría a ser o cuarto.”*

*A redacción do acordo sería a seguinte:*

CONTESTACIÓN AS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR VARIOS INTERESADOS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PPT).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 21 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante JGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, o gasto, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 21 de outubro de 2016 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, o 26 de de outubro de 2016.
- Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 8 de novembro de 2016.
- Boletín Oficial do Estado, o 14 de novembro de 2016.

Abríndose o prazo de presentación de ofertas tras a publicación no DOUE, que finalizará o día 2 de decembro deste ano.

**Terceiro.-** En data 2 de novembro de 2016, D<sup>a</sup>. Julia Reboreda Barcia, en nome e representación do Comité de empresa da mercantil MANTELNOR, na súa calidade de presidenta do mesmo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos.

**Cuarto.-** En data 4 de novembro de 2016, D<sup>a</sup>. Maria del Tránsito Fernández Fernández, na súa calidade de Secretaria Comarcal da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico ao citado no antecedente terceiro.

**Quinto.-** En data 8 de novembro de 2016, D. Francisco Javier Estévez Rodríguez, na súa calidade de secretario xeral de Construción e Servizos de CCOO de Vigo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico aos citados nos antecedentes terceiro e cuarto.

**Sexto.-** En data 11 de novembro de 2016, D. Jesús Fernández Rodríguez, na súa calidade de responsable do sector de Limpeza e Servizos de UGT na comarca de Vigo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico aos citados nos antecedentes terceiro, cuarto e quinto.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Contido das alegacións obxecto do presente informe

Tal e como se manifestou, as alegacións formuladas polas Sras. Reboreda e Fernández, e polos Sres. Estévez e Fernández, son de contido idéntico. Estas son as seguintes:

- 1) Que non consta nos pregos cal é o convenio colectivo de aplicación, sendo leste o Convenio Colectivo para o persoal de limpeza dos colexios e escolas públicas municipais do Concello de Vigo, publicado no BOP de 5 de agosto de 2014.
- 2) Que o convenio de aplicación foi denunciado ante a Consellería de Traballo e a empresa que presta o servizo.
- 3) Que a representación legal comunicou á empresa a intención de negociar o convenio colectivo e solicitar diferentes incrementos no salario así como melloras no aspecto social.
- 4) Que os traballadores da concesión demandaron no xulgado do Social á anterior empresa, á actual, ao Concello de Vigo, ao administrador concursal e ao FOGASA por débedas. E teñen intención de demandar á nova empresa adxudicataria da licitación.
- 5) Que a cláusula 26.4 do PCAP contradí o convenio en vigor en canto a substitucións e aumentos de xornada.

Os motivos polos que solicitan a modificación dos pregos podemos sintetizalos nos seguintes:

- A falta de información no prego do convenio colectivo de aplicación (alegación 1).
- A existencia no prego dunha cláusula, a 26.4, contraria ao convenio colectivo (alegación 5).

O resto dos motivos de impugnación dos pregos (2, 3 e 4) limítanse a ofrecer información, polo que non resulta necesario contestar aos mesmos.

Nos fundamentos xurídicos II e III referirémonos por separado aos motivos 1 e 5.

-II-

### Da falta de información no PCAP do convenio colectivo de aplicación (alegación 1)

No presente contrato existe a obrigaón do empresario que resulte adxudicatario do contrato, determinada no convenio colectivo de aplicación, de subrogar aos traballadores que prestan actualmente o servizo. Nestes casos, o artigo 120 do TRLCSP impón ao poder adxudicador unha obrigaón de información, co obxecto de que os futuros licitadores poidan coñecer os custos laborais do persoal a subrogar. Dispón este artigo que: *“Naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obrigaón de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no*

*propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida". E en cumprimento desta obrigaón, incluíuse no anexo IV do PPT esta información, consignando con relación a cada traballador o tipo de contrato, a categoría profesional, a antigüidade, as horas de traballo semanal e mensual e o plus consolidado.*

A subrogación prodúcese ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), límítase a recoller o deber a Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no Anexo IV do PPT, deber que conxuga coa prohibición establecida no artigo 301.4 do TRLCSP, de que as Administracións consoliden postos de traballos de persoal que preste os seus servizos en empresas coas que contrataran servizos á finalización destes contratos. Efectivamente, o citado artigo establece que "Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante".

Como estableceu o TACRC na súa Resolución 20/2015 axuizando a falta de mención do convenio colectivo de aplicación nos pregos (precisamente por parte desta Administración noutra licitación): *"A información facilitada no Anexo III do PCAP dos traballadores a subrogar é a data de antigüidade do traballador, o tipo de contrato e a categoría. Con esta información, estima o Tribunal que é suficiente para que o potencial licitador coñeza sen máis, o custo laboral dos traballadores. Determinar o Convenio Colectivo na cidade de Vigo aplicable é unha cuestión allea á información que debe facilitar o PCAP, e estar ao alcance das empresas participantes no procedemento de licitación por dedicarse elas á actividade material obxecto de licitación".*

A Administración, a xuízo da informante, anexou ao PPT a relación de traballadores facilitada pola empresa, cos datos incluídos na mesma. Con estes datos calquera licitador pode calcular os custos laborais dos traballadores que teñan dereito a subrogación, polo que se cumpre coa obrigaón de información imposta polo artigo 120 TRLCSP. E o convenio colectivo de aplicación pódese consultar por calquera licitador, pois foi depositado e rexistrado no Rexistro de Convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

-III-

#### **Da existencia de contradición entre a cláusula 26.4 do PCAP e o convenio colectivo de aplicación (alegación 5)**

Manifesta a recorrente que a cláusula 26.4 do PCAP é contraria ao convenio colectivo de aplicación, aínda que non determina as razóns polas que, na súa opinión, existe tal contradición.

Comezaremos por transcribir a cláusula 26.4 do PCAP:

"Poderase establecer como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar

desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego. A empresa adxudicataria ten o deber de incorporar para a execución da prestación obxecto do contrato, polo menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que se vaian a destinar á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato estea prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultase adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir, si na FEC non se establece previsión ao respecto, a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algún ou algúns dos lotes. Subsidiariamente a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Sen prexuízo da a súa eventual concreción ou determinación específica na FEC, consideraranse con especial dificultade para acceder ao emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario das mesmas acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado que deberá expedir o organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante polo menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas polo menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non coticen o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- f) Os mozos de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ao seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente do servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros



dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa adxudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas na presente condición de execución.

Si existise o deber de subrogar ao persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en todas as novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan até alcanzar devandita porcentaxe.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adxudicataria deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición”.

Aínda que a recorrente non cita o artigo do Convenio que entende vulnerado, pola referencia que fai ás substitucións e aumentos de xornada, a informante interpreta que debe ser o artigo 5 “Xornada Laboral”, que no seu parágrafo 3º dispón que:

“Cando se amplíe a xornada dun centro de traballo, ou se xubile calquera traballador, terán preferencia para o incremento da xornada laboral, os traballadores/as que presten servizo en devandito centro, a condición de que non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan; si nese centro xa tivesen xornada completa, daríasele o incremento ao persoal que estivese noutros colexios públicos do Concello, que non tivesen xornada completa, sempre que non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan. A empresa tamén ofertará aumentos de xornada noutros centros de traballo onde estea presente a empresa”.

Como se pode observar, non hai ningún tipo de contradición entre a condición especial de execución e o precepto transcrito do convenio colectivo. Pois a cláusula 26, como vimos, establece que non será de aplicación “Si existise o deber de subrogar ao persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada”, nese caso establece que só será de aplicación para as novas contratacións que, no seu caso, realice a empresa ou en caso de baixas e substitucións do persoal.

En calquera caso, tratándose dun dereito dos traballadores do persoal imposto por un convenio colectivo, leste será de aplicación preferente. Pois non esquezamos que o PCAP regula o contrato entre a Administración e o contratista, sendo alleas ao contrato as relacións laborais deste último cos seus traballadores. E a condición especial de execución só será de aplicación cando non entre en conflito cos dereitos do persoal. Pois, tal e como establece o artigo 3 do TRET, ao regular as fontes da relación laboral, para regular os dereitos dos traballadores concernentes á relación laboral aplicaranse as disposicións legais e regulamentarias do Estado, os convenios colectivos, o contrato de traballo e os usos e costumes locais e profesionais.

### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Desestimar as alegacións formuladas por: D<sup>a</sup>. Julia Reboreda Barcia, D<sup>a</sup>. Maria del Tránsito Fernández Fernández, D. Francisco Javier Estévez Rodríguez e D. Jesús Fernández Rodríguez, en datas 2, 4, 8 e 11 de novembro de 2016 respectivamente, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos I, II e III do presente escrito”.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1291).- CONTESTACIÓN AS ALEGACIONES FORMULADAS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

#### **“NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, de 05 de agosto de 2016 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros , de 31 de agosto de 2016 (PPT).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 28 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante JGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, de xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 10 de novembro de 2016 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, o 15 de novembro de 2016.
- Diario Oficial de Galicia o 09 de decembro de 2016
- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 12 de novembro de 2016.
- Boletín Oficial do Estado, o 28 de novembro de 2016.

Abríndose o prazo de presentación de ofertas tras a publicación no DOUE, que finalizará o día 21 de decembro deste ano.

**Terceiro.-** En data 16 de novembro de 2016, **D<sup>a</sup>. Mirian Viñas Cochón**, na súa calidade de secretaria provincial do sector de Administración Local e servizos da FeSP-UGT en Pontevedra, presenta alegacións aos pregos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Contido das alegacións obxecto do presente informe

A Sra. Viñas formula tres alegacións:

- 1) A falta de incorporación ao PPT da táboa salarial actual.
- 2) A necesidade de engadir ao PPT os vestiarios dos traballadores.
- 3) Considera que dado o número de prazas a regular no presente prego, deberían ampliarse para xerar emprego estable.

A terceira alegación se limita a formular unha recomendación, polo que non procede respotala. A continuación se respontan as outras dous polo seu orde.

-II-

### A falta de incorporación ao PPT da táboa salarial actual

No presente contrato existe a obrigaón do empresario que resulte adxudicatario do contrato, determinada no convenio colectivo de aplicación, de subrogar aos traballadores que prestan actualmente o servizo. Nestes casos, o artigo 120 do TRLCSP impón ao poder adxudicador unha obrigaón de información, co obxecto de que os futuros licitadores poidan coñecer os custos laborais do persoal a subrogar. Dispón este artigo que: *“Naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obrigaón de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida”*. E en cumprimento desta obrigaón, incluíuse no anexo IV do PPT esta información, consignando con relación a cada traballador o tipo de contrato, a categoría profesional, a antigüidade, as horas de traballo semanal e mensual e o plus consolidado.

A subrogación prodúcese ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), limítase a recoller o deber a Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no Anexo IV do PPT, deber que conxuga coa prohibición establecida no artigo 301.4 do TRLCSP, de que as Administracións consoliden postos de traballos de persoal que preste os seus servizos en empresas coas que contrataran servizos á finalización destes contratos. Efectivamente, o citado artigo establece que *“Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante”*.

Como estableceu o TACRC na súa Resolución 20/2015 axuizando a falta de mención do convenio colectivo de aplicación nos pregos (precisamente por parte desta Administración noutra licitación): *“A información facilitada no Anexo III do PCAP dos traballadores a subrogar é a data de antigüidade do traballador, o tipo de contrato e a categoría. Con esta información, estima o Tribunal que é suficiente para que o potencial licitador coñeza sen máis, o custo laboral dos traballadores. Determinar o Convenio Colectivo na cidade de Vigo aplicable é unha cuestión allea á información que debe facilitar o PCAP, e estar ao alcance das empresas participantes no procedemento de licitación por dedicarse elas á actividade material obxecto de licitación”*.

A Administración, a xuízo da informante, anexou ao PPT a relación de traballadores facilitada pola empresa, cos datos incluídos na mesma. Con estes datos calquera licitador pode calcular os custos laborais dos traballadores que teñan dereito a subrogación, polo que se cumpre coa obriga de información imposta polo artigo 120 TRLCSP, non resultando necesaria a incorporación ao PPT da táboa salarial vixente, que poderá ser consultada polos licitadores que o desexen no Rexistro de Convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

-III-

#### **Da falta de mención dos vestiarios do persoal no PPT**

Esta cuestión é allea ao PPT, pois este se limita a regular a forma de realizar as prestacións obxecto do contrato.

A necesidade de dotar os traballadores de vestiarios é unha obriga do empregador, imposta polo Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e regulada no seu Anexo V.

O Concello límitase nestas cuestións relativas a organización do contratista a establecer na cláusula 27.4 do PCAP que “ O adxudicatario queda obrigado, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento”.

- IV-

#### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

**“Desestimar as alegacións formuladas por: D<sup>a</sup>. Mirian Viñas Cochón, na súa calidade de secretaria provincial do sector de Administración Local e servizos da FeSP-UGT en Pontevedra,, en data 16 de novembro de 2016 respectivamente, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos I, II e III do presente escrito”.**

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1292).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE AQS NO PAVILLÓN DO CARME E NO COMPLEXO DEPORTIVO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 718/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/12/16 e o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 05/12/16, do director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES.**

*Con data 28/11/2016, o concelleiro delegado de Deportes asinou orde de inicio de expediente para a contratación do SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE PRODUCCIÓN DE AQS NO PAVILLÓN DO CARMEN E NO COMPLEXO DEPORTIVO DE BALAIÓDOS, DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.*

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- 1. Informe da necesidade do contrato asinado polo director técnico o 25/11/2016.*
- 2. Resolución de inicio do expediente asinada polo concelleiro-delegado de Deportes o 28/11/2016.*
- 3. Memoria xustificativa do contrato asinada polo director técnico o 29/11/2016 e polo concelleiro de Deportes o 30/11/2016.*
- 4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director técnico o 29/11/2016.*
- 5. Informe da xefa do Servizo de Contratación, de data 2/12/2016, sobre a revisión da documentación incluída no expte, en tanto en canto reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.*
- 6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado o 2/12/2016 pola xefa do Servizo de Contratación.*
- 7. Informe favorable da titular de asesoría xurídica de data 5/12/2016.*

**2.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.**

**1º.- Obxecto e natureza do contrato:**

O presente contrato ten por obxecto o subministro de equipos e os seus elementos para na

*renovación das instalacións de AQS do Pavillón do Carme e o Complexo Deportivo de Balaídos, así como a súa posta en funcionamento e mantemento durante o período de garantía.*

*O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

*O subministro dos equipos e as adaptacións das instalacións incluírá a entrega, instalación e posta en funcionamento dos mesmos, debendo quedar instalado e preparado para o seu uso.*

*En relación ao obxecto do contrato e importante destacar a condición de unificación nun único contrato da totalidade dos subministros, adaptacións e mantemento legal incluídos no apartado 3.1 do PPTP, que alcanza as actuacións. Os cales deben conformar en si mesmo unha única unidade por operatividade e racionalidade económica no conxunto das actuacións que garanta unha maior eficiencia nos tempos de execución e coordinación na operatividade e posta en marcha das actuacións, o ter que sincronizarse o desenvolvemento das mesmas por razóns de planificación deportiva. Considerandose a non división e lotes.*

*Polo exposto, a unión nun único contrato de subministro, adaptacións e mantemento legal para os diversos elementos que componen este contrato, responde a necesidade de garantir unha unidade de xestión homoxénea nos tempos de entrega dos subministros e das adaptacións e do mantemento, polo que deben conformar un conxunto entre tódolos elementos e actuacións a desenvolver co obxectivo de acadar unha capacidade e funcionalidade mais eficiente. Circunstancias que xustifican a non división en lotes do obxecto deste contrato.*

*O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministros, previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).*

*Estes subministros e as actuacións de adaptación e o mantemento legal, teñen por obxecto a mellora da funcionalidade e operatividade das instalacións mellorando as unidades de produción de auga quente sanitaria, mediante a instalación de novos equipos, o que implicará unha mellora funcional dos servizos que poda ofrecer a instalación e unha maior utilización e rendabilización das mesmas.*

*O conxunto dos elementos a subministrar así como as actuacións a desenvolver supoñen sen ningunha dúbida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas instalacións, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de "investimentos reais".*

*O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

## 2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación urxente do presente expediente de contratación, a través de procedemento negociado con publicidade, xa que o anterior procedemento expd. 521-611, quedou anulado por non presentarse ningunha empresa, e por tramitación urxente. A urxencia ben motivada da necesidade de garantir a operatividade e funcionalidade das instalacións, e a prestación do servizo aos usuarios que garanta as condicións de subministro de auga quente en boas condicións hixiénico-sanitarias. Así como o cumprimento do RITE ( Regulamento de instalacións térmicas) o cal non cumpren as instalacións motivo do contrato e de que o procedemento de contratación realizado a través do expd. 652-611, quedou deserto ao non presentarse ningunha oferta en prazo.

De acordo co estipulado no artigo 15 do TRLCSP, o presente contrato non está suxeito á regulación harmonizada.

## 3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

### 3.1.-Datos do custo dos equipos a subministrar, adaptacións das salas e mantemento das instalacións durante o período de garantía.

Atendendo aos prezos de mercado considerase o desglose do seguinte modo.

#### 1. Pavillón do Carme

Actuacións	Importe (€)
Capítulo 1. Acometida exterior de gas natural	614,00
Extensión da acometida exterior ata instalación.	
Capítulo 2. Instalación de gas natural	4.500,00
Instalación receptora de gas natural e subministsro e instalación liña gas.	
Capítulo 3. Adaptación sala de caldeiras normativa UNE.	4.500,00
Capítulo 4. Xeración térmica	14.725,00
Subministro e montaxe do sistema de xeración de calor en cascada.	
Capítulo 5. Producción de AQS	6.440,00
Subministro acumuladores AQS, intercambiadores de calor.	
Capítulo 6. Instalación hidráulica	1.500,00
Subministro e montaxe de circuítos en sala de caldeiras:	
Capítulo 7. Contadores	1.665,00
Subministro contadores enerxía.	



Actuacións	Importe (€)
Capítulo 8. Instalación de electricidade e telexestión	7.500,00
Subministro e montaxe de instalación eléctrica e de regulación na sala de caldeiras con subministro de programa de telexestión.	
Capítulo 9. Legalización da instalación	3.050,00
Total Pavillón do Carne (sen IVE)	44.494,00

## 2. Complexo Deportivo Balaídos

	Importe (€)
Capítulo 1. Producción de AQS	10.805,19
Subministro acumuladores de AQS e intercambiador.	
Capítulo 6. Instalación hidráulica	1.971,93
Subministro, reposición e montaxe de illamento térmico.	
Capítulo 7. Contadores	580,12
Subministro e montaxe de contadores enerxía.	
Total Complexo Deportivo Balaídos (sen IVE)	13.357,24

Pavillón do Carne (€)	44.494,00
Complexo Deportivo Balaídos (€)	13.357,24
Total (€)	57.851,24

Investimento total (sen IVE) En consecuencia, o investimento total sen IVE de ambas actuacións acada os 57.851,24 €. Este investimento tamén inclúe as operacións de mantemento preventivo, predictivo e correctivo durante o período de garantía das instalacións, tanto en materiais, man de obra, dietas, desprazamentos.

### a) Orzamento base de licitación:

Importe da totalidade do contrato estímase en 70.000 € con IVE, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 12.148,76€ €.

O valor estimado do contrato establece en 57.851,24 €.

### 4.- Financiamento do contrato:

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establece estimase en 57.851,24 € € sen IVE, e un importe correspondente o iva (21%) de 12.148,76 € o cal totaliza un importe de 70.000,00 € con IVE

(21%)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, incluídos nas aplicacións orzamentarias:

3420 6230000	CALDEIRAS E EQUIPOS TECNICOS EN INSTALACIONES	70.000,00 €
--------------	---	-------------

5º.- Revisión de prezos.

Non procede.

6º.- Xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril.

O gasto proposto, establece de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2016 dentro do programa orzamentario "3420". Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

7.- Clasificación dos licitadores

Non se esixe.

8º.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 77 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser esixida en relación os seguintes aspectos:

Solvencia económica e financeira:

Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio, polo cal os mesmos deberán ter unha referencia directa co obxecto do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

a) Relación dos principais subministros, instalacións e mantementos efectuados durante os cinco últimos anos, indicando importe, datas e destinatario público o privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos o visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público o cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a fala deste certificado, mediante una declaración do empresario.

### 9º.- Criterios de negociación:

En relación aos aspectos que deben de identificar os criterios de negociación e poder avaliar as propostas e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considérase oportuno estipular unicamente criterios de valoración mediante fórmula, os cales están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, procederase á avaliación das ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación:

#### A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Non se aplican.

#### B.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, optase pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o obxecto do contrato.

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adjudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 100 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

##### b.1.- O prezo ofertado sobre o importe do contrato:

O prezo ofertado polos licitadores sobre o importe do contrato, valorarase ata un máximo de OITENTA (80) puntos, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación do contrato (sen IVE) o prezo ofertado polo licitador para o contrato (en euros sen IVE) e expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído).

Para a determinación da avaliación das ofertas presentadas serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 76 + 4 * \left( \frac{Bi - (0.8 * Be)}{0.2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 70 + 6 * \left( \frac{Bi - (0.55 * Be)}{\dots} \right)$$

$$0.25 * Be$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 Be$

$$Pe = 70 * \left( \frac{Bi}{0.55 * Be} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 80,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) do contrato, e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído) do contrato, expresado en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído).

Be= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído), de todas as admitidas.

B.2.- Incremento do prazo de garantía: valorarase con ata 20 puntos

A ampliación do prazo de garantía dos equipos subministrados, respecto do mínimo esixido no PPTP (24 meses), deberá expresarse en meses enteiros, e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

- > Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8 * Ge < Gi \leq Ge$

$$Pg = 17 + 3 * \left( \frac{Gi - (0,8 * Ge)}{0,2 * Ge} \right)$$

- > Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 * Ge < Gi \leq 0,8 * Ge$

$$Pg = 13 + 4 * \left( \frac{Gi - (0,55 * Ge)}{0,25 * Ge} \right)$$

- > Para garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Ge \leq Gi \leq 0,55 * Ge$

$$Pg = 13 * \left( \frac{Gi}{0,55 * Ge} \right)$$

Sendo:

Pg = Puntuación da oferta sobre o incremento da garantía; entre 0,00 puntos e 20 puntos.

Gi = Oferta do Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) para a que se quere determinar a puntuación a calcular.

Ge= A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

*Na solicitude de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se*

contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito no caso de acumulacion de funcións. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.

Polo tanto, o complemento de produtividade proposto son consecuencia da previa asignación ao persoal de funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolven, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do TREBEP.

Consta no expediente resolución de encomenda de función a prol da funcionaria D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray, respetando dita encomenda o límite temporal do exercicio orzamentario.

Achegase no expediente informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fai constar as tarefas efectivamente desempeñadas pola funcionaria no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.

Incluse no presente informe os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período considerado, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar), nos casos nos que para o calculo de produtividade proposta se realice conforme ás vixentes Instrucións sobre plantilla e RPT, no suposto de acumulación de funcións (importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado), resultando acreditada unha maior adicación horaria minimamente significativa, tal e como dispoñen as vixentes IPRPT, non sendo retribuídos os días de ausencia. Así, D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray non disfrutou de vacacions ni permisos, estando de baixa por IT dende o 04/11/2016.20

Así, correspondería o pagamento da cantidade de 449,53 € a D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray polo periodo 01/10/2016-30/11/2016.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar a funcionaria D Benilde Bilbao Echegaray un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolución de data 01/06/2016, no periodo 01/10/2016-30/11/2016, por importe de 449,53€
2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 449,53–€ en concepto de produtividade a favor da funcionaria citada, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”(RC 51711).

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1302).- ABOAMENTO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DOS EMPREGADOS MUNICIPAIS COS NÚMERO DE PERSOAL 80595 E 76467 (01/12/2015 A 30/12/2016). EXPTE. 29034/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 07/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“A) En data 24/10/2016 asinase Resolucion pola que se encomenda ao empregado municipal D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, as funcións correspondentes ao posto de Xefe de equipo, segundo o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións*

*Dita Resolucion ten orixe na solicitude asinada polo Xefe de mantemento dos viais municipais e do xefe da area de servizos xerías , co conforme do Concelleiro delegado de Fomento , de data 03/01/2016, relativa a necesidade de solventar a vacante da praza de Capataz existente no Parque Móbil Municipal, e mentras non sexa posible dita cobertura polos mecanismos legalmente previstos.*

*Con anterioridade e segundo Resolucions de datas 14/05/2015 e 27/06/2014 xa foron realizadas similares encomendas de funcions ao devandito empregado, sendo realizadas en ambos casos de xeito altamente satisfactorio, segundo informes dos seus superiores xerarquicos., En data 28/11/2016, recibese solicitude de aboamento de produtividade pola realización das funcions encomendadas , asinada polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais, o xefe da área de servizos xerais e conformada polo Concelleiro Delegado da Area no que se solicita o aboamento da produtividade pola realizaicon das funcions encomendadas no periodo outubro –novembro 2016 así como no periodo xaneiro-setembro 2016, toda vez que o empregado municipal estivo a realizar as funcions correspondentes ao posto de xefe de equipo, a mais das correspondentes ao seu posto de oficial mecanico.*

*Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislacion como aquel destinado a retribuir un especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuir a contribución do empregado publico a organización.*

*Ata a data, a medición da contribución do empregado publico non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocratica ainda existente nas organizacións publicas, que permitan a utilizacion de habilidades técnicas para manexar un sistema retributivo mais acorde coas esixencias de xestión dos recursos humanos*

*A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa*

*A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o mais obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.*

*No presente caso , o empregado municipal D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, esta a desempeñar as funcións correspondentes a posto "Xefe de Equipos" a mais das correspondentes ao posto ao que se atopa adscrito , sgundo informe do SErvizo de data 28/11/2106.*

*O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvuelto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polos empregados municipais, sendo estes apreciados polo seu superior xerarquico.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu **encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes**, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares entre as que se atopa a Resolución de data 14/03/2016, pola que se encomenda provisionalmente ao empregado municipal D Mario Iglesias Lorenzo, con nº de persoal 76467, funcións de do posto Codg Rtb 606 "Xefe da Unidade de Mantemento e Taller", con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo seu superior xerarquico.*

*Dita encomenda, de carácter estritamente provisional, vixente ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais , pola cobertura,*

mediante algun dos mecanismos legamente previstos do posto e en todo caso ata 31 de decembro do 2016, polo que ten fixado un marco temporal de vixencia maximo -31/12/2016-, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla, coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Na devandita resolución especificase que devengarán os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citadas. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable-

Inclúense no presente expediente copia da Resolución anteriormente mencionada.

B) Recíbense nesta Área en data 30/11/2016 , doc 1601600177 , no que se informa das tarefas desenvolvidas polo empregado municipal D Mario Iglesias Lorenzo entre as que se atopan:

Supervisión, dirección e no seu caso realización, de todos os traballos conducentes ao axeitado mantemento das instalacións deportivas.

Atención e resolución das urxencias presentadas e subsanación de imprevistos presentados, asistendo fora do horario habitual incluíndo días de descanso -domingos e festivos-para a realización das tarefas necesarias, sendo estas resoltas de xeito telefónico cando foi posible ou desprazándose as instalacións deportivas para a realización das tarefas necesarias, supoñendo isto a necesidade de localización permanente 24 horas os sete días da semana.

Entre as tarefas desenvolvidas atopanse atender as urxencias motivadas por diferentes avarías en equipamentos técnicos, desfibriladores con sinais de fallos, marcadores que non funcionan no desenvolvemento de partidos, e instalacións técnicas avarías en instalacións eléctricas, cadros eléctricos, equipos de transformación, fugas en caldeiras, inundacións en instalacións, avería en bombas de bombeo de augas residuais, perdas de combustibles por rotura. Situación que ao longo destes meses producíronse en instalacións como Baláidos, Navia, Calvario, Samil, A Bouza, Coia, Castrelos, Candeán, Calvario, Etea.

Atender en horario fora da súa xornada habitual a provedores e a empresas prestatarias de servizo para resolución de avarías urxentes, ascensores, lexionella, e subministradoras de subministros gas, gasoil, que non poden agardar.

Control do persoal ao seu cargo, realizando a planificación dos traballos de mantemento baixo a dirección técnica, (electricidade, fontanería, pintura, climatización, carpintería, albanería, cerraxería, pintura, etc.) así como a asignación de tarefas a realizar nos 17 pavillóns municipais contando o de Travesas coma un solo centro, así coma nos campos de fútbol dependentes do concello, e estadio de atletismo.

As tarefas realizadas son:

- -Reparacións de alumeado e instalacións eléctricas, mellora das instalacións existentes, realización de novas instalacións.
- -Reparación de carpintería en instalacións e moviliario, construción de moviliario , cerramentos e outros.
- -Reparacións de albanelería, alicartados, pintura, escaiola, etc. Melloras nas dependencias construíndo cerramentos, falsos teitos, etc.
- -Reparacións de cerraxería, pechaduras, portas, portais, bancos, euquipamentos especiais...,

Achegase no expediente informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.

Incluese no presente informe os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período considerado, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar).

O importe do complemento de produtividade proposto atópase calculado conforme ás vixentes Instrucións sobre plantilla e RPT (no caso de acumulación de funcións será o importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado).

No caso de acumulación de funcións de dous postos de traballo por motivos de urxencia, resulta acreditada unha maior adicación horaria minimamente significativa, tal e como dispoñen as vixentes IPRPT.

No importe proposto non se retribúen os días de ausencia (21 días de vacacións-1 A.P. E ningunha baixa por IT).

NP	Nome	Periodo	Importe
76467	Iglesias Lorenzo, Mario	16/03/2016-30/11/2016	3096,88 €

Por outra banda, recibese na area de Recursos Humanos en data 14/11/2016 , expediente 657-611 no que se relaciona distinto persoal adscrito ao servizo de deportes para o cal se solicita complemento de produtividade polo seu especial rendemento e adicación.

Así, dado que resolución do Presidente do IMD de data 12 de xaneiro de 2015, resolveuse encomendar as funcións do posto de “Xefe unidade mantemento e taller” do IMD, ao traballador D. Mario Iglesias Lorenzo, coa categoría de “oficial de mantemento”, e sendolle aboadas as cantidades correspondentes ata o mes de novembro de 2015, solicitan que, dada a extinción do organismo autónomo (Insituto Municipal dos Deportes- IMD) con data 31 de decembro de 2015 por acordo plenario do Concello de Vigo de 26 de outubro de 2015, e dado que o traballador seguiu realizando as funcións de “ Xefe unidade de mantemento e taller” do servizo de deportes durante os meses de xaneiro, febreiro e primeira quincena de marzo, ata a nova de resolución do Concelleiro delegado da Area de xestión municipal de data 14/03/2016.

A resolución de data 12/01/2015 contempla que de conformidade co establecido nas instrucións de plantilla e relación de postos de traballo o desempeño de dito posto xerará o dereito á percepción dun complemento de produtividade por importe equivalente a diferenza

de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”, o cal se tramitará con carácter trimestral, ante a Xunta Reitora do IMD, previo informe do Xefe de Servizo.

En relación a esta situación dito traballador desenvolveu no mes de decembro 2015 as tarefas vinculadas a encomenda de adscrición provisional, e durante os meses de xaneiro, febreiro e 16 días de marzo, sin a adscrición, pero coa realización das funcións propias do Xefe da unidade de mantemento e taller.

Entre as tarefas realizadas atopanse:

- Dirixir, coordinar e supervisar o personal adscrito a unidade de taller.
- Dirixir, coordinar e supervisar os traballos de mantemento nas instalacións deportivas.
- Atender urxencias de averías en xornadas de tarde e fins de semana.
- Relación coas empresas externas que executan traballos de servizos e mantemento das instalacións.
- Control e seguimento do uso dos vehículos en coordinación co parque mobil.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

1. A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.
2. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.



*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurren circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*

*Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- 1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- 2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da*

*actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*

3. *Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*
4. *Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*En consecuencia, e dado que no caso de D Eugenio Falque Fontan, a solicitude de realización da encomenda de funcións foi realizada en data 03/01/2016 non sendo resolta ata o 24/10/2016, e toda vez que o empregado municipal proposto estivo a realizar ditas funcións, aínda que non se realizara resolución ao efecto, ao igual que nos anos anteriores e xustificando na necesidade de garantir a adecuada prestación do servizo público, propónse o aboamento a D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial mecánico adscrito ao Parque Mobil, pola realización das funcións do posto ao que se atopa adscrito máis as encomendadas por resolución de data 27/10/2016 e correspondente ao posto de Xefe de equipo, a cantidade de 3760,60€ correspondentes ao período 03/01/2016-30/11/2016, utilizando como parámetros obxectivo para o cálculo os contidos nas vixentes instrucións de plantilla, no seu apartado terceiro referente a asignación de produtividade por acumulación de postos, cantidade que estaría a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que está a desenvolver as súas funcións no servizo no que se atopa adscrita.*

*A proposta de aboamento de produtividade efectúase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións e permisos.*

*Por outra banda propónse o aboamento ao empregado municipal D Mario Iglesias Lorenzo, con nº de persoal 76467, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolucións de data 12/01/2015 do Presidente do extinto IMD e de 14/03/2016 do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, polo período correspondente a decembro 2015-novembro 2016, por importe de 4530,40€, cantidade da que 1433,52 correspondentes ao período decembro 2015 -14/03/2016, e a cantidade de 3096,88 corresponden ao período 16/03/2016 ao 30/11/2016, sendo realizado o cálculo conforme as diferenzas retributivas en canto a CD e CE dos postos de Xefe Unidade Mantemento e Taller -IMD e o posto de Oficial de mantemento e. en función dos días efectivamente traballados*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

1. *Outorgar ao empregado municipal empregado municipal D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial mecánico adscrito ao Parque Mobil, un complemento de produtividade polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que está a desenvolver as súas funcións no servizo de Parque Mobil por importe total de 2816,11 €. Calculado segundo as vixentes instrucións sobre*

- plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010*
- 2. Outorgar ao empregado municipal D Mario Iglesias Lorenzo, con nº de persoal 76467, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolucions de data 12/01/2015 do Presidente do extinto IMD e de 14/03/2016 do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal , polo periodo correspondete a decembro 2015-novembro 2016, por importe de 4530,40€.*
  - 3. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 8253,39 –€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais relacionado, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1303).- PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DO EMPREGADO MUNICIPAL 22390, DO SERVIZO DE ADMÓN. ELECTRÓNICA. EXPTE. 29038/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 07/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“Recíbese solicitude de aboamento de complemento de produtividade para o funcionario municipal D Luis Iglesias Rejas con nº persoal 22390, con posto de programador de sistemas , adscrito ao servizo de Administración electrónica, pola súa participación na implementación do sistema de facturas electrónica na Xestión de Expedientes corporativo o que implicou a adaptación do programa de Xestión de Expedientes a normativa Orden HAP/492/2014, e ó modelo organizativo funcional do Concello de Vigo*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo*

efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

- A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- a) Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo
- b) Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.
3. Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Como criterio obxectivo de calculo e tomando como referencia as vixentes instruccións de plantilla propónse a diferenza entre CD e CE do posto ao que actualmente esta adscrito e as funcións realizadas no proxecto de implementación do sistema de facturas electrónica na Xestión de Expedientes corporativo, correspondente ao posto Codg Rtb 303 Técnico/a sistemas servizo contabilidade , estimadas polo Xefe do Servizo de Administración electrónica nun total de 206 horas

Deste xeito, o importe proposto a aboar sería de 1140,66 €

En consecuencia, vistas as circunstancias anteditas, previo informe da Intervención xeral nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Acordar o outorgamento dun complemento de produtividade a D Luis Iglesias Rejas con nº persoal 22390, con posto de programador de sistemas , adscrito ao servizo de Administración electrónica, pola súa participación na implementación do sistema de facturas electrónica na Xestión de Expedientes corporativo o que implicou a adaptación do programa de Xestión de Expedientes a normativa Orden HAP/492/2014, e ó modelo organizativo funcional do Concello de Vigo

2.- Aprobar como criterio obxectivo para o calculo do importe proposto a diferenza entre CD e CE dos postos de programador/a de sistemas e Técnico/a sistemas servizo contabilidade polo numero de horas de desempeño de posto de categoría superior estimadas pola xefatura de Administración electrónica en 206 horas e correspondentes as tarefas de :

Obter información para a realización e proba dos módulos do sistema.

Realizar o análise funcional e técnico do sistema.

Identificar e analizar os problemas, e propoñer solucións e accións

Participar nas reunións que afecten as necesidades funcionais e técnicas do proxecto.

Participar na planificación xeneral do proxecto, así como na súa posterior revisión, se procede.

Elaborar a documentación vinculada o seu ámbito de actuación.

Identificar os casos de poba dos programas a desenvolver por os seus colaboradores (unitarias, integración e de sistema).

Comprobar e analizar as probas realizadas ó sistema, propoñendo as actuacións oportunas de corrección.

Identificar e seguir as incidencias que se lle asignen.

Identificar los impactos ante os cambios propostos

Definición das estruturas de datos

Definición das estruturas de integración co sistema de información corporativo

3.- Acordar o aboamento da cantidade de 1140,66€ polo especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria así como interese e iniciativa , na súa participación na implementación do sistema de facturas electrónica na Xestión de Expedientes corporativo o que implicou a adaptación do programa de Xestión de Expedientes a normativa Orden HAP/492/2014, e ó modelo organizativo funcional do Concello de Vigo

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1304).- ABOAMENTO DA DIFERENZA DE FUNCÍONS AOS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E OFICIAIS DE INSTALACIÓNS E MANTEMENTO.EXPTE. 28986/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 07/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“Recíbese en data 09/09/2015 escrito do Comité de Persoal do Concello no que se solicita se inicien os tramites para o aboamento das diferenzas de funcións aos axudantes de oficios que están a realizar funcións de oficiais de instalacións municipais nos colexios públicos así como aos axudantes de oficios adscritos ao servizo de deportes (IMD) que están a facer funcións de oficias de instalacións e oficiais de mantemento.*

*Solicitado informe aos correspondentes servizos, en data 25/11/2016 o servizo de Educación remite infórme sobre as funcións que están a desempeñar os axudantes de oficios de instalacións municipais relacionadas coas tarefas de portería, vixianza e o mantemento preventivo e pequenas reparacións que realizan nos centros públicos de ensino infantil e primaria .*

*Por outra banda en data 14/11/2016, o servizo de Deportes (IMD) remite expte 657-611 no que se solicita o aboamento de complemento de produtividade a diverso persoal do servizo. No informe proposta do mesmo, no seu punto 2.2, informa o seguinte:*

*“Durante o ano 2016, estase a desenvolver a execución das tarefas de traballo en relación as necesidades de apertura das instalacións deportivas do servizo de deportes co obxecto de poder atender a diversidade da demanda deportiva. En relación a dito proceso foron realizadas diversas reunións co comité de empresa para optimizar o calendario laboral do persoal do servizo, en relación a demanda deportiva, así como as funcións das diversas categorías do persoal. Así mesmo solicitouse ao departamento de RRHH a necesidade de dotación de 12 recursos para poder paliar as dificultades de planificación das quendas de traballo cara a apertura e peche das instalacións de portivas. Deste análise podemos identificar os seguintes aspectos básicos:*

*Na actual RPT do servizo de deportes contase cos seguintes recursos propios vinculados coa apertura e atención das instalacións deportivas:*

**Prazas de Oficial de Instalación:**

*En relación a equiparación desta categoría atopámonos cos seguintes recursos:*

*3 prazas de oficiais de Instalación ocupan 3 postos de Conserxe responsables de instalación*

*18 prazas de oficiais de instalación ocupan 18 postos de Oficiais de instalacións, dos cales 1 posto de traballo ven desenvolvendo tarefas de apoio os oficiais de mantemento e taller por solicitude propia por motivos de saúde.*

Postos operativos: 18. (1 posto desempeña tarefas de Oficial de mantemento, pero un oficial de mantemento desempeña tarefas de Oficial de Instalación) e na actualidade catro postos de traballo se atopan vacantes por motivos de xubilación dos seus titulares.

**Categoría de axudante de mantemento:**

14 prazas de axudante de mantemento ocupan 14 postos de traballo de axudante de mantemento

1 posto de traballo de axudante de oficios do Concello destinado no servizo de deportes. Vacante na actualidade por xubilación dende o mes de outubro de 2016.

11 postos de traballo de axudantes de mantemento por execución de sentenza (Cesión ilegal e despido nulo), (dende o 2 de abril de 2013).

1 praza de operario vinculada a un posto de limpadora (actualmente vacante por xubilación)

Postos operativos: 25 (2 prazas atopanse vacantes).

No mes de outubro de 2016 o departamento de RRHH destina ao servizo 12 oficiais interinos por un periodo de 6 meses, o cal mellora un pouco a situación. No obstante hai axudantes que deben seguir realizando funcións de oficiais ao ser insuficientes o recursos para cubrir baixas, descansos e vacacións.

**Necesidades actuais de persoal para manter a apertura das instalacións deportivas en relación a demanda deportiva:**

De maneira xenérica e atendendo os cuadrantes laborais mensuais do IMD de acordo co Calendario Laboral para o ano 2016, a estimación para poder atender a apertura das instalacións deportivas relacionadas anteriormente son:

Conserxería Complexo das Travesas	3 postos
Conserxería do Pavillón polideportivo de Coia	3 postos
Conserxería do Pavillón polideportivo de Teis	3 postos
Conserxería do Pavillón polideportivo e Ximnasio do Berbes	3 postos
Conserxería do Complexo deportivo de Samil.	3 postos

Conserxería do Ximnasio do Carmen	2 postos
Conserxería do Complexo deportivo de Navia (*)	1 postos
Conserxería do Complexo deportivo de Balaidos (*)	1 postos
Conserxería do Pavillón do Calvario (*)	1 postos

(\*) solo apertura de luns a venres, para os fins de semana necesita apoio dende o Central en función da programación.

Conserxería do Pavillón de Castrelos	3 postos
Conserxería do Pavillón de Bembrive	

Conserxería do Pavillón polideportivo de Bouzas	3 postos
Conserxería do Pavillón de Coruxo	



<i>Conserxería do Pavillón da ETEA.  Conserxería do Pavillón de Candean.</i>	3 postos
--	----------

*Con esta distribución se axusta as necesidades básicas da apertura das instalacións, o cal demanda un total de 29 postos de traballo destinados directamente a apertura das instalacións. Si temos en conta que actualmente o servizo conta con 17 postos de traballo de Oficial de Instalacións, despréndese a necesidade de destinar na programación mensual a un mínimo de 12 axudantes de mantemento, a desempeñar funcións de atención nas conserxarías, o cal, temos que sumar os apoios realizados dende o Pavillón Central das travesas para cubrir as necesidades dos fins de semana. Esta situación ten unha incidencia nun número amplo dos axudantes xa que para cubrir ditos postos e necesario cubrir as xornadas de descansos.*

*Con esta realidade, e tendo en conta o actual dimensionamento da plantilla do servizo, e as necesidades derivadas da apertura de instalacións, vense producindo dende o mes de xaneiro do 2015 de acordo coa proposta dos “Calendarios Laborais do servizo para o ano 2015 e 2016” aprobado por resolución do Presidente do IMD de data 22 de decembro de 2014 e de 30 de decembro de 2015, unha obrigada distribución dos recursos actuais do servizo de deportes, en relación os traballadores da categoría de axudantes de mantemento, que de acordo con cada cuadrante laboral mensual, son destinados as diversas instalacións deportivas que debe ser atendidas para a súa apertura o público. Esta situación ven desenvolvéndose dende o mes de xaneiro do 2015 de acordo coas propostas dos calendarios laborais aprobados, e sempre baixo as seguintes pautas:*

- 1. Sempre se corresponden a necesidades obrigatorias para a prestación adecuada dos servizos programados polo servizo.*
- 2. Correspondese coa aceptación para efectuar ditos traballos de categoría superior por parte dos axudantes de mantemento.*

*Segundo o disposto no RD 861/86, de 25 de abril, no que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, defínese no seu art. 5 que o complemento de produtividade é o destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese co que o funcionario desenvolve o seu traballo, e que a apreciación da mesma deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo. Así mesmo as instrucións de plantilla do Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos para o ano 2010 recollen no seu apartado terceiro que o complemento de produtividade responderá necesariamente a:*

- j) Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- k) Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución*

*A mesma instrución de plantilla recolle os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

1. *Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns conxunturais debidamente xustificadas.*
2. *Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*
3. *Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*
4. *Será estimado mediante informe do responsable do servizo, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*En relación a ditos antecedentes a xuízo do técnico que subscribe o presente informe enténdese que durante o período de tempo comprendido entre o mes decembro de 2015 e de xaneiro a outubro de 2016, veñen desenvolvéndose o traballo en relación os axudantes de mantemento un aumento do traballo en relación as tarefas asignadas o seu posto de traballo ocasionado de maneira excepcional por las razóns conxunturais xustificadas anteriormente. Esta situación provoca nestes postos de traballo unha actuación no ámbito do rendemento destes postos, catalogados como superiores o desempeño das actividades e cometidos directamente vinculados ao seu posto de traballo, co obxectivo de poder atender a demanda fundamental da apertura das instalacións deportivas xestionadas polo servizo de deportes.*

#### *2.2.2.- Relación de axudantes de mantemento e cálculos para a valoración da produtividade:*

*Para a valoración deste apartado tense en conta os calendarios laborais dos meses dos períodos decembro de 2015 e xaneiro a outubro de 2016, e proponse a seguinte referencia, en relación a adecuar as actuacións dos axudantes de mantemento a realización de cometidos e responsabilidades correspondentes as necesidades derivadas da apertura e atención das instalacións deportivas:*

ALONSO CAMPA DE LA ALBERTO	60504	AXUDANTE DE MANTEMENTO	608 €
ARIZAGA IGLESIAS MARIA JOSE	60509	AXUDANTE DE MANTEMENTO	709 €
CASTRO MARCOTE JORGE	61307	AXUDANTE DE MANTEMENTO	105 €
CERVIÑO PEREZ JOSE ANTONIO	61306	AXUDANTE DE MANTEMENTO	699 €
CORZON VIEITES M CRISTINA	60511	AXUDANTE DE MANTEMENTO	845 €
ESTÉVEZ CURRAS JOSE MARIA	60501	AXUDANTE DE MANTEMENTO	851 €
ESTÉVEZ DEAÑO EDITA	60505	AXUDANTE DE MANTEMENTO	706 €
FERNANDEZ PEREZ, MARCOS ABRAHAM	60702	AXUDANTE DE MANTEMENTO	976 €
GARCIA ALVAREZ FABIO	61303	AXUDANTE DE MANTEMENTO	693 €
IGLESIAS ABALDE ANTONIO	61309	AXUDANTE DE MANTEMENTO	659 €
ITALIANI ALVAREZ ALEJANDRO	61308	AXUDANTE DE MANTEMENTO	916 €
MARCOS GUERRERO LUIS	60910	AXUDANTE DE MANTEMENTO	493 €
RIAL SANROMAN MIGUEL	61304	AXUDANTE DE MANTEMENTO	51 €

RODRIGUIEZ FERNANDEZ ENRIQUE	60054	AXUDANTE DE MANTEMENTO	541 €
ROMAN VAZQUEZ FERNANDA	60907	AXUDANTE DE MANTEMENTO	817 €
RUZ TELLO JESUS	61302	AXUDANTE DE MANTEMENTO	155 €
SANTIBAÑEZ PASCUAL MIGUEL	60502	AXUDANTE DE MANTEMENTO	858 €
SANTIBAÑEZ PASCUAL NURIA	60510	AXUDANTE DE MANTEMENTO	797 €
TEIXEIRA RODRIGUEZ ALBERTO	61301	AXUDANTE DE MANTEMENTO	807 €
VAZQUEZ MACEIRAS SANTIAGO	61108	AXUDANTE DE MANTEMENTO	709 €
VILA ARAGUNDE SONIA	61305	AXUDANTE DE MANTEMENTO	710 €
VIÑAS HERNANDEZ SONIA	61109	AXUDANTE DE MANTEMENTO	649 €

*Os calculos correspondense ao periodo decembro 2015-outubro 2016, e proponse o aboamento da cantidade de 3,38€ pola realizacion de tarefas de categoria superior, sendo dita cantidade a diferenca retributiva diaria entre os postos de Oficial de Mantemento e Axudante de mantemento.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*l)A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á*

normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo
2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado

*por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

- *Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*
- *Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*Con respecto aos postos de axudantes de oficios adscritos ao servizo de Educacion e que estan a realizar funcións de superior categoría , establececese como criterio de calculo as diferencias retributivas mensuais entre ambos postos, establecidas en 69,43 €/mes no ano 2015 e 70,12 €/mes no ano 2016*

*En relacion cos postos de axudante IMD, correspondentes ao periodo decembro 2015-outubro 2016, proponse o aboamento da cantidade de 3,38€ por cada día de realización de tarefas de categoría superior, cantidade resultante da difrencia retributiva diaria entre os postos de Oficial de mantemento e Axudante de mantemento, e calculado segundo o nº de días efectivos de desempeño das funcións de superior categoría.*

*Dacordo aos importes anteriores, os días efectivamente traballados unha vez descontados os periodos de vacacions, baixas por IT, que figuran nos programas de xestion de persoal, etc, corresponderialle ao seguinte persoal, e no caso de estimarse a pertinencia aboamento dos complementos de produtividade propostos, os importes seguintes polos periodos que se indican:*

POSTO	NP	NOME	IMPORT E	PERIODO
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82161	ALONSO IGLESIAS , JOSE ENRIQUE	515,88 €	1/11/2015-31/07/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82146	CAPELO GONZALEZ DAVID	775,53 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82147	FERNANDEZ PIAY SANTIAGO	763,66 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82149	GONZALEZ PEREIRA ADRIAN	759,01 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82044	GONZALEZ VILA JUAN CARLOS	684,26 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	80687	OTERO FERNANDEZ SONSOLES	784,68 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	82148	SIGNO MARTINEZ PALMIRA	784,79 €	1/11/2015-30/11/2016
AXUDANTE OFICIOS EDUCACION	81654	SEVILLA VALCARCEL OSCAR	710,55 €	01/02/2016-30/11/2016

POSTO	NP	NOME	IMPORT E	PERIODO
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60511	CORZON VIEITES M CRISTINA	845,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60501	ESTÉVEZ CURRAS JOSE MARIA	851,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60505	ESTÉVEZ DEAÑO EDITA	706,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60702	FERNANDEZ PEREZ, MARCOS ABRAHAM	976,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61303	GARCIA ALVAREZ FABIO	693,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61309	IGLESIAS ABALDE ANTONIO	659,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61308	ITALIANI ALVAREZ ALEJANDRO	916,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60910	MARCOS GUERRERO LUIS	493,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61304	RIAL SANROMAN MIGUEL	51,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60054	RODRIGUIEZ FERNANDEZ ENRIQUE	541,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60907	ROMAN VAZQUEZ FERNANDA	817,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61302	RUZ TELLO JESUS	155,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60502	SANTIBAÑEZ PASCUAL MIGUEL	859,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60510	SANTIBAÑEZ PASCUAL NURIA	797,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61301	TEIXEIRA RODRIGUEZ ALBERTO	807,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61108	VAZQUEZ MACEIRAS SANTIAGO	709,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61305	VILA ARAGUNDE SONIA	710,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61109	VIÑAS HERNANDEZ SONIA	649,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60504	ALONSO CAMPA DE LA ALBERTO	608,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	60509	ARIZAGA IGLESIAS MARIA JOSE	709,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61307	CASTRO MARCOTE JORGE	105,00 €	01/12/2015-30/10/2016
AXUDANTE DE MANTEMENTO	61306	CERVIÑO PEREZ JOSE ANTONIO	699,00 €	01/12/2015-30/10/2016

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, proponse:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 922.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 20133,38. €*

**SEGUNDO.-** *Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás xefaturas dos servizos/unidades solicitantes, Concellerías-delegadas das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas)”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo I

NP	NOME	IMPORTE	PERIODO
82161	ALONSO IGLESIAS , JOSE ENRIQUE	515,88 €	1/11/2015-31/07/2016
82146	CAPELO GONZALEZ DAVID	775,53 €	1/11/2015-30/11/2016
82147	FERNANDEZ PIAY SANTIAGO	763,66 €	1/11/2015-30/11/2016
82149	GONZALEZ PEREIRA ADRIAN	759,01 €	1/11/2015-30/11/2016
82044	GONZALEZ VILA JUAN CARLOS	684,26 €	1/11/2015-30/11/2016
8068 7	OTERO FERNANDEZ SONSOLES	784,68 €	1/11/2015-30/11/2016
8214 8	SIGNO MARTINEZ PALMIRA	784,79 €	1/11/2015-30/11/2016
81654	SEVILLA VALCARCEL OSCAR	710,55 €	01/02/2016-30/11/2016
60511	CORZON VIEITES M CRISTINA	845,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60501	ESTÉVEZ CURRAS JOSE MARIA	851,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60505	ESTÉVEZ DEAÑO EDITA	706,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60702	FERNANDEZ PEREZ, MARCOS ABRAHAM	976,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61303	GARCIA ALVAREZ FABIO	693,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61309	IGLESIAS ABALDE ANTONIO	659,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61308	ITALIANI ALVAREZ ALEJANDRO	916,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60910	MARCOS GUERRERO LUIS	493,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61304	RIAL SANROMAN MIGUEL	51,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60054	RODRIGUEZ FERNANDEZ ENRIQUE	541,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60907	ROMAN VAZQUEZ FERNANDA	817,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61302	RUZ TELLO JESUS	155,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60502	SANTIBAÑEZ PASCUAL MIGUEL	859,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60510	SANTIBAÑEZ PASCUAL NURIA	797,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61301	TEIXEIRA RODRIGUEZ ALBERTO	807,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61108	VAZQUEZ MACEIRAS SANTIAGO	709,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61305	VILA ARAGUNDE SONIA	710,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61109	VIÑAS HERNANDEZ SONIA	649,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60504	ALONSO CAMPA DE LA ALBERTO	608,00 €	01/12/2015-30/10/2016
60509	ARIZAGA IGLESIAS MARIA JOSE	709,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61307	CASTRO MARCOTE JORGE	105,00 €	01/12/2015-30/10/2016
61306	CERVIÑO PEREZ JOSE ANTONIO	699,00 €	01/12/2015-30/10/2016

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1305).- PRODUTIVIDADE DE EMPREGADOS MUNICIPAIS DOS SERVIZOS DE LIMPEZA, MEDIO AMBIENTE, ESTATÍSTICA, DEPORTES-IMD, CEMITERIOS E VIGOZOO. EXPTE. 29035/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 07/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*A).- En escrito de data 04/02/2016, asinado polo xefe do servizo de Limpeza , o técnico de xestión e o Concelleiro da Area de Fomento reiterase a petición xa realizada en escritos de data 2 de marzo do 2012, 3 de xuño do 2013 e 2 de marzo do 2015, da necesidade de dotar a este Servizo dun posto de Capataz, para o desenvolvemento , entre outras, das seguintes funcións:*

- Organización dos procesos e a mecánica dos traballos encomendados*
- Control e seguimento da execución dos traballos*
- Control e organización do traballo do equipo, dacordo as ordes recibidas.*
- Realización de propostas de procedementos, materiais e tecnicas, así como o asesoramento dos membros do equipo de traballo*
- Recepción e organización de materiais, talleres, almacens, etc...*
- Control do cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais por parte dos componentes do equipo*
- Control dos medios e maquinaria*
- Supervisión e verificación dos procesos e resultados dos traballos encomendados.*

*Dado que ata a data non foi atendida dita petición , solicita a realización dunha encomenda provisional de funcións de capataz a D. Jesús Manuel Garrido Marcos (NP.15527), adscrito ao posto Cod. 111 "Xefe de Quenda de Limpeza" no servizo Cod. 252 "limpeza viaria.*

*Por outra banda e dado que no ano 2015 o traballador **D. Jesús Manuel Garrido Marcos** (NP15527), co posto de Xefe de quenda de limpeza, xa estivo a desempeñar as funcións correspondentes ao posto de capataz, cun eficaz desempeño pola súa banda, solicita o aboamento dun complemento de produtividade por desempeño de posto de superior categoría, correspondente as tarefas realizadas no segundo semestre do ano 2015.*

*En data 08/11/2016 recibese Doc 160150399, asinado polo Xefe do servizo de Limpeza e conformado polo Concelleiro delegado da Area, na que se **reitera a necesidade da creación do posto de Capataz do servizo de limpeza, e , dado que o empregado***



**municipal D. Jesús Manuel Garrido Marcos (NP15527)**, co posto de Xefe de quenda de limpeza, é quen esta a desempeñar ditas funcións solicitase o aboamento da diferenza de función, correspondente ao ano 2016, toda vez que nese período non variaron os termos do acordo que anteriormente lle recoñeceu, por resolución da Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro do 2015 e que este estivo a desempeñar as devanditas funcións cun eficaz desempeño.

Posteriormente, en data 14/11/2016 recibese escrito asinado polo Xefe de Limpeza e conformado polo Concelleiro Delegado da Área, na que se solicita dito aboamento correspondente ao ano 2016, ao non existir variacións nas circunstancias motivadoras.

A técnica que suscribe, en data 15/06/2015 (Expte 26741-220- Reclamación de cantidades a percibir retriucións grupo C1 e aboamento cantidades 6103,19€ diferenzas salariais anos 2013,2014 e 2015 ata a data), informou o seguinte:

“En data 02/06/2015 o empregado municipal D Jesus Manuel Garrido Marcos, con DNI 36036170-T e nº de persoal 15527 presenta no Rexistro Xeral do Concello reclamación previa do seu dereito a percibir as retribucións pertencentes ao grupo C1 de titulación correspondentes ao posto de Capataz, por corresponderse as funcións de dito posto coas efectivamente realizadas e que ascenden, según o reclamante a cantidade de 6103.19 € correspondentes aos anos 2013, 2014 e 2015 ata a data de presentación da solicitude así como as pertinentes en tanto non cambien as actuais circunstancias. Solicita igualmente o recargo do 10% das cantidades solicitadas.

O empregado municipal D Jesus Manuel Garrido Marcos figura adscrito ao posto Codg 111 “Xefe de Quenda Limpeza” no servizo Codg 252 “Limpeza Viaria” dende o 01/01/2008.

O xefe do Servizo de Limpeza, en data 02/03/2012 solicita a creación no Servizo dun posto de Capataz ante a necesidade de dirixir, coordinar e supervisar ao persoal do servizo así como o persoal que nos meses de verano se adica a limpeza e coidado dos areas da cidade e dos seus accesos. Así mesmo e mentras non se dote do posto de Capataz a este Servizo, a xefatura solicita a compensación económica para D Jesus Manuel Garrido Marcos polo desempeño das funcións do posto superior “Capataz”. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de abril de 2013, acordou ou otorgamento ao referido empregado pola realización das funcións de superior categoría ao longo do ano 2011, recollidas no informe do Xefe do servizo, un complemento de produtividade por importe de 1340.10€.

En data 01/04/2014 dito empregado municipal solicita a transformación da súa praza e posto en Capataz (Subgrupo C1) nos orzamentos do ano 2014. Na mesma data solicita o aboamento dun complemento de produtividade, polo desempeño de funcións de categoría superior, semellante ao aprobado para o persoal con posto de “Capataz”. Ditas peticións foron dilixenciada ao concelleiro delegado de Xestión Municipal para instrucións ao respecto.

O 03/03/2015 o Xefe do Servizo de Limpeza reitera a súa petición de creación dun posto de Capataz no Servizo, xa realizada en escritos de datas 02/03/2012 e 03/06/2013, e a compensación económica ao traballador mencionado mentras non se cree, polo desempeño das funcións do posto solicitado, sendo remitida a mesma ao Concelleiro delegado de Xestión Municipal.

*En relación coa necesidade de dotar ao Servizo de limpeza dun posto de Capataz, informase que:*

*Os postos de capataces son os responsables e supervisores dun equipo de operarios aos que se lle asigna a execución material de diferentes traballos. Realizan as funcións de supervisión organizando o traballo, facilitando as instrucións para o correcto desenvolvemento das tarefas nos tempos propostos e cos recursos dispoñibles. Entre as funcións a desenvolver atópanse:*

- Organización dos procesos e a mecánica dos traballos encomendados*
  - Control e seguimento da execución dos traballos*
  - Control e organización do traballo do equipo, dacordo as ordes recibidas.*
  - Realización de propostas de procedementos, materiais e técnicas, así como o asesoramento dos membros do equipo de traballo*
- 1. Recepción e organización de materiais, talleres, almacens, etc...*
  - 2. Control do cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais por parte dos componentes do equipo*
  - 3. Control dos medios e maquinaria*
  - 4. Supervisión e verificación dos procesos e resultados dos traballos encomendados.*

*Así mesmo, esíxese ao persoal adscrito a estes postos ter unha serie de capacidades tales como son a capacidade de abstracción, de organización, de liderazgo e dotes de mando e de resolución xa que nestes intres non existe na Relación de Postos de Traballo o posto de encargado xeral.*

*Na Actualidade, na vixente Relación de Postos de traballo atopanse os seguintes postos de "Capataz:*

**1.- Desinfección:** *Baixo as directrices do Capataz atopanse 5 Oficiais Desinfectores e 1 axudante de Oficios supoñendo un total de 7 empregados municipais*

**2.- Taller de Vías e Obras:** *Atopanse adscritos 3 capataces que teñen baixo a súa responsabilidade 26 persoas en total das que 4 son xefes de equipo, 17 oficias de oficios (carpinteiro, albanel, ferreiro, pavimentador, canteiro e fontaneiro) e 5 axudantes de oficios*

**3.- Electromecánicos:** *Dun total de 18 traballadores, 1 es capataz, 1 xefe de equipo, 13 oficias electricistas e 3 axudantes de oficios*

**4.- Parque Mobil:** *O persoal adscrito esta composto por 1 posto de capataz, 2 xefes de equipo, 5 oficiais mecanicos, 2 oficias electricistas, 9 condutores palistas, 1 oficias bascula, 43 oficiais condutores, 1 oficial condutor xestor de flota e 1 oficial condutor xestor de acopios e custos, polo que baixo a responsabilidade do capataz atopanse 64 postos.*

**5.- Xardins.-** Dun total de 34 postos, un é capataz, dous son xefe de equipo, 22 oficias de oficios, 7 axudantes de oficios, 2 operarios e 1 vixiante .

**Ao servizo de Limpeza** (Codg 252.- Limpeza Viaria, Codg 256 Recollida de residuos e Codg 257.- Residuos Solidos Urbanos según Orden HAP/419/2014, de 14 de marzo), atopasen adscritos os seguintes postos:

POSTO	Nº
XEFE/A QUENDA LIMPEZA	1
VIXIANTE EN XERAL	1
PEON TRABALLOS EXTERIORES	3
AXUDANTE OFICIOS	3

Polo que o numero de postos de persoal fixo a cargo do posible novo posto de Capataz seria de 7 persoas

Amais ven sendo habitual de xeito anual a realización de nomeamentos interinos por acumulacion de tarefas a persoal para limpeza dos arenais. No ano 2014 realizáronse nomeamentos cunha duracion de 6 meses a 17 persoas con categorías de operarios peons, oficiais desbrozadores e condutores , estando prevista o nomeamento de 19 no ano 2015. Así mesmo ven sendo habitual destinar ao servizo de limpeza persoal do plan de emprego municipal.

As competencias municipais recollidas no Artigo 26 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local e na súa redacción segundo a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en canto a recollida de residuos e limpeza viaria, no caso do Concello de Vigo. atópanse a súa xestión en reximen de concesión administrativa dos servizos de recollida de residuos urbanos e outras recollidas diferenciadas, Limpeza Urbana, Limpeza de Praias, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos urbanos reciclables, etc,

Dado que a xestión indirecta dun servizo a través dunha concesión administrativa non diminúe de ningún xeito a responsabilidade da Administración polo seu axeitado funcionamento; antes ao contrario, a responsabilidade vólvese especialmente intensa cando o servizo comeza a prestarse por unha empresa privada, tendo que ser analizada a variación da calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que o servizo consista. A Administración constitúese pois en garante da prestación axeitada do servizo público por parte do concesionario e por iso esta obrigada a controlalo.

Deste xeito, propónse o estudo da creación dun posto que tería como funcións principalmente as recollidas na Guía de funcións aprobada para dito posto.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento derivado do

*desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración. Deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area. A súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como limite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.*

*No caso que nos ocupa non foi dictada Resolución algunha autorizando a encomenda provisionalmente a D Jesus Manuel Garrido Marcos, (N.P.15527), adscrito ao posto Codg 111 "Xefe de Quenda Limpeza" no servizo Codg 252 "Limpeza Viaria", as funcións de "Capataz".*

*Por outra banda, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do **19 de abril de 2013**, acordou o outorgamento a D. Jesus Manuel Garrido Marcos, con NP 15527, xefe de turno adscrito ao servizo de limpeza, pola realización das funcións de superior categoría ao longo do ano 2011, recollidas no informe do Xefe do servizo de data 02/06/2012, un complemento de produtividade por importe de 1340.10€ polo desempeño das funcións do posto de capataz no ano 2011.*

*Basease dito acordo no recoñecemento aprobación con anterioridade polo devandito órgano de compensacións retributivas a diverso persoal que, a causa do retraso nos procesos de promoción interna, ven desempeñando funcións de categoría superior as do posto ao que se atopan adscritos.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **16 de outubro de 2015**, acordou estimar parcialmente a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de cantidades formulada en escrito de data 02/06/2015 (documento nº 150070605) D. JESÚS MANUEL GARRIDO MARCOS, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de xefe de quenda de limpeza, e destino no Servizo de Limpeza, acordando o aboamento dun importe de 3.541,19 euros.*

*Ainda que no servizo de limpeza non exista posto de Capataz e ante a realidade do desempeño de funcións de coordinación, supervisión e control do persoal que o empregado ten ao seu cargo, considerouse a especial responsabilidade e adicación desempeñada, coa conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade asimilada a existente a diferenza de retribucións entre as súas retribucións totais e as recoñecidas para os postos de capataz, polo desempeño de funcións de superior categoría.*

*Dado que os supostos coxunturais e excepcionais non variaron dende o ano 2011, pódese entender que corresponderíalle o aboamento, en concepto de produtividade das diferenzas retributivas totais entre os postos de xefe de turno e capataz, correspondentes aos anos 2013, 2014 e os meses xa devengados do 2015.*

*Deste xeito, e ao tratarse dun complemento de produtividade realizase o cálculo en función dos días efectivamente traballados, unha vez descontados períodos de vacacións e asuntos propios e comprobado que non tivo ningunha baixa por I.T. no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de maio de 2015, tengo en conta as diferenzas en canto a*

retribucións básicas e complementarias dos postos de xefe de turno e capataz, corresponderalle, de así estimarse, o abono da cantidade de 3541,19 €.”

No informe proposta do citado expediente, xa se indica que O desempeño de funcións de categoría superior ten que axustarse ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Por outra banda e toda vez que nos informes de data 03/02/2016, asinado polo Xefe do Servizo de Limpeza, o Técnico de Xestión da Área de Fomento e o Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación e data 8/11/2016 asinado polo Xefe do Servizo de Limpeza, e o Concelleiro delegado, indicase que **D. Jesús Manuel Garrido Marcos** (NP15527), co posto de Xefe de quenda de limpeza desempeñou as funcións correspondentes ao posto de capataz, de así estimarse, corresponderalle o aboamento dun complemento de produtividade, utilizando os mesmos criterios de aboamento que os xa establecidos nos acordos da Xunta de Goberno citados.

Deste xeito, a vista dos informes de data 04/02/2016 e 8/11/2016, proponse o aboamento en concepto de produtividade, da cantidade de **1,814,22€**, calculada en base as diferencias retributivas entre o posto ao que se atopa adscrito e o de capataz, e correspondentes ao período 01/06/2015-31/10/2016, e unha vez descontados os días de ausencia correspondentes a asuntos propios e vacacións disfrutadas no período, non habendo tido baixas por I.T..

Propoñese así mesmo, dotar ao Servizo de limpeza dun posto de Capataz, dadas as reiteradas peticións do servizo neste senso e o efectivo cumprimento das funcións correspondentes a dito posto que están sendo desempeñadas polo xefe de quenda de limpeza, segundo se informa polo servizo de Limpeza.

B) Recíbese na Área de Recursos Humanos, solicitude de aboamento de complemento de produtividade para o funcionario municipal D Luis Perez Montes con nº persoal 82145, con posto de Inspector auxiliar de Medio Ambiente, adscrito ao servizo de Medio Ambiente, pola realización das funcións e tarefas correspondentes ao posto de Inspector de medio ambiente correspondente ao ano 2015 e ano 2016 ( Doc 160098513 e 160160935), polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o período sinalado.

Dita solicitude ven asinada polo xefe do servizo de medio ambiente e vida saudable e conformada pola Concelleira Delegada da Área.

Por outra banda, o funcionario D Luis Perez Montes, presenta escrito no Rexistro Municipal no que informa das tarefas que esta a facer e a súa similitude coas levadas a cabo polos Inspectores de medio ambiente.

Informase que, aínda que ao Servizo atopáanse adscritos 3 inspectores de medio ambiente (Grupo C1) e u1 inspector auxiliar de medio ambiente (Grupo C2), as funcións que esta a realizar o funcionario adscrito ao posto do subgrupo C2 correspondense coas definidas para o posto tipo de "Inspector Municipal".

O funcionario D Luis Perez Montes (NP 82145), esta a demostrar un especial rendemento,

ao estar realizando múltiples inspeccións no que atinxe ás condicións de salubridade de parcelas, árbores e prantas e realiza en exclusiva os informes de inspección relativos a procedementos de ordes de execución de limpeza de fincas no eido das competencias municipais atribuídas ós Concellos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a máis da iniciativa e interese con que esta a realizar o seu traballo e que se reflicte no mellor funcionamento do servizo.

C) Recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación, escrito da Xefa do servizo de Estatística no que se solicita complemento de produtividade para o funcionario D Jose Maria Raposo Aguiar, con N.P. 15579 polo desempeño das tarefas correspondentes a xefatura de negociado, no período de baixa por IT da súa titular no ano 2015.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estes efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración. Deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área. A súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.

No caso que nos ocupa non foi dictada Resolución algunha autorizando a encomenda provisionalmente a D Jose Maria Raposo Aguiar (N.P.15579), con posto de administrativo no Servizo de Estatística as funcións do posto vacante por IT da súa titular de xefe de negociado de estatística.

De todos os xeitos, a xefatura do servizo acredita a realización de ditas funcións.

D) Recíbese na área de Recursos Humanos en data 14/11/2016, expediente 657-611 no que se relaciona distinto persoal adscrito ao servizo de deportes para o cal se solicita complemento de produtividade polo seu especial rendemento e adicación, entre o que se atopan a solicitude de complemento de produtividade ao empregado municipal D Juan Fernández Pérez polo desempeño das tarefas do posto de Adxunto Coordinador, durante a baixa por IT do titular do posto.

Informase que ante a incapacidade temporal do empregado adscrito ao posto de "Adxunto Coordinador", o empregado D Juan Fernández Pérez con posto de administrativo adscrito ao servizo de Deportes IMD na Oficina de Programación Deportiva, estivo a realizar as funcións correspondentes a dito posto, amais das súas propias, concretadas nas seguintes segunda Guía de Funcións do mesmo, definidas no Regulamento de interno aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 7 de marzo de 1997 e modificado en data 1/3/2016 e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2006 e en función do anexo II guía de

*función do servizo, aprobada na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo de data 25 de marzo de 2002:*

- *Estar as ordes da dirección deportiva, é o responsable da información e atención ó público e usuarios das instalacións encomendadas en función das diversas programacións deportivas.*
- *Responsable da programación deportiva a través do sistema informático.*
- *Responsable do persoal da oficina de atención ó público, dirixindo e programando todas as actividades que nesta se realicen.*
- *Realización, baixo as directrices da dirección deportiva, da confección dos calendarios de ocupación de instalacións deportivas encomendadas.*
- *Realización e seguimento das tarefas encomendadas en relación á posta en marcha das diversas actividades e programas deportivos.*
- *Asignación de instalacións ós usuarios, seguindo as directrices definidas pola dirección deportiva.*
- *Cantas funcións se lle sinalen polos seus superiores, dentro das inherentes ó su posto de traballo.*

*Dita situación de incapacidade laboral tivo lugar dende o 18 de xaneiro ata o 11 de maio*

*En consecuencia e dado que durante o período no que o Adxunto a coordinador estivo de baixa por IT, o empregado municipal D Juan Fernández Pérez realizou as tarefas de dito posto, a máis das correspondentes ao posto ao que se atopa adscrito sin que afectara ao funcionamento e operatividade da oficina técnica de programación deportiva, se propon a asignación de complemento de produtividade a dito empregado, tendo en conta as diferencias entre o CD e CE de cada posto de traballo.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento derivado da acumulación de funcións de dous postos de traballo sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe do complemento de destino do posto acumulado. Deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área. A súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.*

*No caso que nos ocupa non foi dictada Resolución algunha autorizando a encomenda provisionalmente a D Juan Fernández Pérez (N.P.60210), con posto de administrativo na oficina técnica de programación deportiva do Servizo de Deportes, as funcións do posto vacante por IT do seu titular, de "Adxunto Coordinador".*

*De todos os xeitos, a xefatura do servizo acredita a realización de ditas funcións.*

*E) Recíbese en data 06/10/2016 na Área de Recursos Humanos solicitude de aboamento dun complemento de produtividade por importe de 2.288,15 euros para o funcionario Don Gumersindo Manuel Rosende Ríos co número persoal 13758, ou na contía que se estime*

*procedente polas funcións desempeñadas ao longo do ano 2015, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable*

*No informe sinalase que, dende a xubilación da titular do posto de Xefe/a de negociado de cemiterios en data 9/4/2015 , o inspector de cemiterios Don Gumersindo Manuel Rosende Ríos (nº persoal 13758) está realizando as tarefas correspondentes ao posto de xefe de negociado, asumindo as funcións de Dirección, Execución, Instrucción e Coordinación dos diferentes grupos de traballo, adoptando as medidas necesarias para garantir a súa produtividade, ademais daquelas funcións de carácter operativo de natureza máis complexa dentro da unidade, entre outras:*

- Realizar informes e propostas de resolución de expedientes administrativos así como a tramitación administrativa de solicitudes, reclamacións, liquidacións e recursos relativos ao negociado.*
- Vixianza do cumprimento dos prazos legais aplicables a cada un dos procedementos administrativos nos expedientes que se tramiten no seu negociado.*
- Tramitar os expedientes de gasto e ingreso da Unidade, de conformidade coas instrucións e procedementos legalmente establecidos.*

*No presente caso , o funcionario Don Gumersindo Manuel Rosende Ríos (NP 13758) ,segundo informe do Xefe do servizo de Medio Ambiente, esta a desempeñar as funcións correspondentes ao posto vacante da xefatura de negociado e continuando desempeñando as mesmas ata a data, polo que a utilización do complemento de produtividade para a retribución de dito desempeño parece axeitada as circunstancias descritas.*

*F) Recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación Doc 160062764 de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 16/05/2016, no que a empregada municipal D<sup>a</sup> Rosa Vila Campos (N.P. 83271) solicita:*

- Que lle sexan aboados os atrasos deixados de percibir como consecuencia da retirada da diferenza de función na súa nómina dende o mes de xaneiro 2016.*
- Que se adopten as medidas oportunas para adaptar as súas retribucións as competencias e responsabilidades que na actualidade lle están atribuídas, xa que considera que moitas delas non se corresponden co seu posto de Auxiliar de Admon Xeral.*

*Basease dita petición na Resolución da Presidenta do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigo Zoo de data 13/12/2011, no que se otorga a D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Vila Campos unha diferenza de función por importe mensual de 126.22 € , segundo as vixentes Instrucións sobre Plantilla , con cargo a partida orzamentaria 33901300201 “Outras remuneracións” polo especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo así como aprobar e comprometer o pago da cantidade de 126.22 €/mensuais con efectos do mes de outubro, en concepto de diferenzas de función a favor da devandita empregada.*

*Por outra banda en data 10/03/2016 realizase o traslado do posto de administrativo/a existente no Parque das Ciencias VigoZoo a Intervención Xeral.*



Ao respecto, emitese informe en data 06/06/2016, dándose traslado do mesmo ao servizo Vigo zoo no que se informa da necesidade de adecuar o procedemento seguido ata agora as vixentes instruccións de plantilla e bases de execucion e polo tanto, para proceder ao aboamento solicitado, baseado na Resolución de data 13/12/2011 da Presidenta do OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, pola cal se lle outorga a D<sup>a</sup> Rosa Vila Campos unha diferenza de funcion por importe de 126.22€/mes polo especial rendemento, actividade extraordinaria e o interes e iniciativa con que esta a desenvolver o seu traballo, entendese deberase remitir a esta Area informe do superior xerarquico da necesidade de realización da encomenda de funcións de superior categoría (administrativo), para que por parte desta Area se proceda a realización da correspondente encomienda de funciones segundo instrucciones de plantilla.

EN data 04/11/2016 o Director de Reximen Interior do servizo Vigo zoo informa o seguinte:

“Antes da súa desaparición como Organismo Autónomo Municipal na súa oficina administrativa contaba cos seguintes postos, de acordo RPT publicada no BOP nº 18 de data 26 de xaneiro de 2012:

- 1 posto de Administrativa de Administración Xeral.
- 1 posto de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral.

As tarefas encomendadas a cada unha das traballadoras que ocupan os diferentes postos, en principio eran as propias de cada un dos mesmos, pero debido, entre outros, ao aumento de volume de traballo e as necesidades existentes a nivel administrativo, fan que sexa necesario repartir entre ambas empregadas as funcións propias do posto de administrativo, necesarias para poder levar unha boa xestión e control da oficina administrativa.

Á traballadora D. Rosa M. Vila Campos (n.p. 83271), que se encontra adscrita a este servizo de VigoZoo dende o ano 2003 como auxiliar administrativo, debido ás circunstancias indicadas nos parágrafos anteriores respecto ás necesidades nas oficinas administrativas, se lle incrementan, ademais das funcións propias do seu posto como auxiliar-administrativa, as tarefas propias do posto de administrativo.

As tarefas realizadas por cada unha das empregadas, son, entre outras, as seguintes:

- A traballadora que ocupaba o posto de Administrativa:
  - Xestión administrativa respecto a tramitación de facturas.
  - Xestión administrativa na elaboración e control de Contratos Menores.
  - Xestión administrativa respecto a traslado incidencias de nómina.
  - Xestión administrativa no control e xestión de solicitudes de persoal.
  - Xestión administrativa de control e xestión de expedientes.
  - Xestión administrativa na tramitación de Actas Consello Administración e Mesas de contratación.
  - Xestión administrativa na tramitación de informes e memorias.
  - Xestión administrativa en tarefas de apoio do departamento Técnico Veterinario:
    - ◆ Fichas da fauna de VigoZoo.
    - ◆ Elaboración de informes altas – baixas.
    - ◆ Traslado e xestión de comunicacións con organismos públicos a efectos de cumprimento Lei de Parques zoolóxicos (Xunta de Galicia, CITES, etc.).

- *Xestión administrativa en tarefas de apoio ao departamento de Educación.*
- *E demais funcións propias do seu posto.*
- *A traballadora que ocupa o posto de Auxiliar Administrativo, ademais das propias do seu posto, entre outras, realiza as seguintes funcións correspondentes ao posto de administrativo:*
  - *Xestión administrativa no rexistro e tramitación de documentos.*
  - *Xestión Administrativa sobre control, xestión e desenvolvemento de Convenio de colaboración.*
  - *Xestión administrativa do control e xestión de arquivo de expedientes.*
  - *Xestión administrativa no control e xestión de aplicación específica para control recadación do servizo de taquilla.*
  - *Xestión administrativa para elaboración de informes de control e recadación taquilla.*
  - *Xestión administrativa na elaboración de informes estadísticos visitantes VigoZoo.*
  - *Xestión administrativa na elaboración de borradores informes e memorias para confección de pregos para expedientes de licitación.*
  - *Xestión administrativa no control, rexistro e tramitación de reclamacións e suxestións.*
  - *Xestión administrativa na tramitación de correspondencia e notificacións.*
  - *Xestión administrativa de control e xestión de solicitudes de persoal.*
  - *Xestión administrativa no control e xestión de expedientes.*
  - *Xestión administrativa para elaboración de bases de datos de provedores.*
  - *Xestión administrativa na tramitación de Actas Consello Administración e mesas contratación.*
  - *Xestión administrativa no control e supervisión inspeccións dentro do Plan de Calidade.*
  - *Etc.*

*Por elo, a Sra. Presidenta do extinto Organismo, con data 13 de decembro de 2011 aproba por Decreto, o abono á traballadora, D. Rosa M. Vila Campos, dun complemento retributivo en concepto de "diferencia de función" polas tarefas que se lle encomendan. Diferencia de función que ven sendo abonada mensualmente na súa nómina ata decembro de 2015.*

*A partir do xaneiro de 2016, segundo acordo plenario de data 26/10/2015, tal e como se indica na primeira parte do presente informe, modifícase a modalidade de xestión dos servizos públicos de educación (Escola de Artes e Oficios), Ocio e tempo libre ( Parque das Ciencias-Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal de Educación), dende a xestión directa na modalidade "Organismo autónomo municipal" a xestión directa na modalidade "xestión polo propio Concello", extinguíndose consecuentemente os organismos autónomos EMAO, Vigozoo e IMD.*

*No punto cuarto do referido acordo, acordase a integración do persoal dos OO.AA nos*

*termos e condicións que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo, as súas condicións laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos.*

*Indicar que dende o 1 de xaneiro, estando este Servizo xa xestionado como un servizo mais do Concello de Vigo, respecto as tarefas a nivel administrativo seguen sendo practicamente as mesmas, xa que aínda que algúns trámites se pasan a realizar directamente dende o propio Concello, eses trámites, na súa maioría, viñan sendo realizados por unha Xestoría contratada polo extinto Organismo Autónomo ou por funcionarios Municipais, tales como a contabilidade, asesoría xurídica, intervención, e como se pode expresar en relación a algún destes trámites que a seguir se indican:*

→ *Xestión administrativa respecto a tramitación de facturas: Se segue realizando a mesma tramitación dando traslado ao servizo de Intervención.*

→ *Xestión administrativa na elaboración e control de Contratos Menores: Se segue realizando a mesma tramitación dando traslado ao servizo de Intervención.*

→ *Xestión administrativa respecto a traslado incidencias de nómina: Anteriormente, se tramitan incidencias dando traslado a Xestoría contratada polo O.A.*

*A partir do 1 de xaneiro de 2016 se tramitan incidencias que son trasladadas ao servizo de Recursos Humanos para a súa tramitación.*

*Por elo, dende esta Dirección, respecto á petición da traballadora de “que lle sexan aboados os atrasos deixados de percibir como consecuencia da retirada da diferenza de función na súa nómina dende o mes de xaneiro 2016”, está xustificada xa que a traballadora a partir do 1 de xaneiro segue realizando as tarefas encomendadas do mesmo xeito e coa mesma iniciativa, eficacia, calidade rendemento extraordinario no logro de resultados.*

*A situación anterior agravase en marzo do presente ano, xa que, se produce o traslado da única administrativa adscrita a este servizo, que pasa a ser trasladada ao servizo de Intervención, ocasionando un incremento maior das funcións da única auxiliar administrativa, xa que se lle pasan a encomendar, ademais das tarefas que xa viña realizando, as que, ata o momento do seu traslado, realizaba a administrativa.*

*Respecto a solicitude da traballadora de “que se adapten as medidas oportunas para adaptar as súas retribucións ás competencias e responsabilidades que na actualidade lle están atribuídas (...)”, dende esta Dirección se considera urxente e inaprazable necesidade a tramitación pola realización de funcións de superior categoría, así como exceso de acumulación de tarefas, xa que na actualidade, e dada a insuficiencia de efectivos existente, todas estas funcións que se viñan realizando entre dúas traballadoras que ocupaban os postos de auxiliar-administrativa e administrativo de administración xeral, estanse a desenvolver por parte da traballadora adscrita ao posto de auxiliar-administrativa deste Servizo de VigoZoo. Realizando ditas tarefas, do mesmo xeito, que tal e como se indicaba no parágrafo anterior, con eficacia, calidade e cun rendemento extraordinario no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades no logro de resultados que se lle atribúen á traballadora de referencia.*

*No obstante, se considera que se debe diferenciar expresamente as situacións indicadas no parágrafo anterior, e tal e como se solicita por parte da traballadora e se reflicte no informe técnico do servizo de Recursos Humanos, habería que tratar de forma diferente as dúas situacións expostas pola traballadora.*

*Por elo, dase traslado a ese servizo de Recursos Humanos, do presente informe xustificativo, respecto ao escrito, doc. 160062764, presentado pola traballadora D<sup>a</sup> Rosa M. Vila Campos (n.p. 83271), para que se tomen as medidas oportunas respecto a adecuación*

do procedemento a seguir e proceder a dar trámite ao solicitado pola traballadora, tendo en conta ás situacións anteriormente expostas.

Sirva o presente informe para dar cumprimento, xustificación e conformidade a oficio, de data 20 de setembro de 2016, trasladado a este servizo por parte dese Departamento de Recursos Humanos e se proceda a continuar coa tramitación do mesmo, tendo en conta todo o anteriormente exposto e dotando ás resolucións que resulten do expediente de referencia, de eficacia retroactiva ao 1 de xaneiro de 2016."

En consecuencia, tendo en conta o informe do Director de Reximen Interior do servizo Vigozoo, a Resolución da Presidenta do extinto Organismo Vigozoo de data 13/12/2011 polo que se acorda o aboamento a empregada municipal D. Rosa M. Vila Campos, un complemento de produtividade en concepto de diferenza de función, pola realización de funcións de superior categoría, pola diferenza mensual entre os complementos de destino e específico do posto de Auxiliar administrativo e administrativo, cantidades que venlle sendo aboadas de xeito mensual dende o ano 2011, o Acordo Plenario de data 26/10/2015, no que se modifica a modalidade de xestión dos servizos públicos de educación (Escola de Artes e Oficios), Ocio e tempo libre ( Parque das Ciencias-Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal de Educación), e que no seu punto cuarto acordase a integración do persoal dos OO.AA nos termos e condicións que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo, as súas condicións laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos, e toda vez que dita empregada municipal, segundo informe de data 04/11/2016, sigue a realizar funcións de categoría superior, situación agravada co traslado ao servizo de INtervencion da empregada adscrita ao posto de Administrativo existente no servizo Vigozoo,, propónse o aboamento da cantidade de 1402,39€ correspondentes ao período 01/01/2016-30/11/2016 , utilizando como parámetros obxectivo para o cálculo os contenidos nas vixentes instrucións de plantilla , no seu apartado terceiro referente a asignación de produtividade por realización de funcións de posto de categoría superior, cantidade que estaría a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que está a desenvolver as súas funcións no servizo no que se atopa adscrita.

Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aque destinado a retribuír un especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuír a contribución do empregado público a organización.

Ata a data, a medición da contribución do empregado público non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, de xestión dos recursos humanos

A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvuelto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes

apreciados polo seu superior xerarquico.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

1. A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral-

da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo
2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

En referencia a proposta do **apartado A)** , a vista dos informes de data 04/02/2016 e 8/11/2016, proponse o aboamento en concepto de produtividade, da cantidade de **1,814,22€**, calculada en base as diferenzas retributivas entre o posto ao que se atopa adscrito e o de capataz, e correspondentes ao período 01/06/2015-31/10/2016, e unha vez

descontados os días de ausencia correspondentes a asuntos propios e vacacions disfrutadas no periodo, non habendo tido baixas por I.T..

No caso do **apartado B)** , como criterio de calculo, e tendo en conta as diferencias retributivas dos postos de inspector de medio ambiente e inspector auxiliar de medio ambiente, estando configurados no primeiro caso no ano 2015 como C1 CD 18 CE 149 sendo modificado o seu CD por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2016 ( expte 28189-220) e no segundo como C2, CD 18, CE 149.

Deste xeito a diferenza retributiva mensual entre ambos postos no ano 2015 supón a cantidade de 120,77 € e canto as retribucións básicas e no ano 2016 un total de 137,24 €, das que 121,98 corresponden as retribucións básicas e 45,36 ao CD.

Así, toda vez que a produtividade aboarase en función dos días efectivamente traballados, e feitos os pertinentes calculos procedería o aboamento da cantidade de 3304,34 € dos que 1296,26 € corresponderían ao ano 2015 e 2008,08 € ao periodo comprendido entre o 01/01/2016 ao 30/11/2016.

En referencia ao **apartado C)** como criterio de calculo propónse a diferenza retributivas entre o posto de xefe de negociado e o de administrativo de admon xeral no ano 2015, tal e como se establece nas instrucións de plantilla para o outorgamento de complemento de produtividade por desempeño de postos de superior categoría.

Así, toda vez que a produtividade aboarase en función dos días efectivamente traballados, e feitos os pertinentes calculos procedería o aboamento da cantidade de 943,36 € polo periodo comprendido entre o 08/07/2015 ao 04/11/2016.

Con respecto a proposta contida no **apartado D)** , como criterio de calculo propónse o aboamento do complemento de destino do posto acumulado polo periodo de duración da acumulación de postos, tal e como se establece nas instrucións de plantilla para o outorgamento de complemento de produtividade polo desempeño dedous postos de traballo por motivos de urxencia.

Así, toda vez que a produtividade aboarase en función dos días efectivamente traballados, e feitos os pertinentes calculos procedería o aboamento da cantidade de 1956,77 € polo periodo comprendido entre o 18/01/2016 ao 11/05/2016.

Reiterase que o desempeño de funcións de categoría superior ten que axustarse ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

En referencia ao **apartado E) e F)** propónse como criterio de calculo o previsto nas vixentes instrucións de plantilla para o desempeño de postos de categoría superior,

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da

Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- a) Acordar o outorgamento ao empregado municipal D **Jesús Manuel Garrido Marcos con NP 15527**, co posto de Xefe de quenda de limpeza, adscrito a dito servizo, un complemento de produtividade polo desempeño de funcións de superior categoría no periodo 01/06/2015-31/10/2016 polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o periodo sinalado,
- b) Aprobar como criterio obxectivo de calculo do importe proposto as diferencias retributivas mensuais entre o posto ao que se atopa adscrito e o de Capataz e acordar o aboamento da cantidade de **1,814,22€**, ao empregado municipal D **Jesús Manuel Garrido Marcos con NP 15527**.
- c) Acordar o outorgamento dun complemento de produtividade a **D Luis Perez Montes con nº persoal 82145**, con posto de Inspector auxiliar de Medio Ambiente , adscrito ao servizo de Medio Ambiente, pola realización das funcións e tarefas correspondentes ao posto de Inspector de medio ambiente correspondente ao ano 2015 e periodo comprendido entre o 01/01/2016 ao 30/11/2016, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o periodo sinalado.
- d) Aprobar como criterio obxectivo para o calculo do importe proposto a diferenza mensual entre as retribucións básicas e complementarias dos postos Codg Rtb 301 "Inspector Auxiliar de medio ambiente" e Codg Rtb 255 "Inspector medio ambiente", acordando o aboamento da cantidade de 3304,34€ polo especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria así como interese e iniciativa coa que esta a desempeñar as súas funcións do Servizo de Medio Ambiente ao empregado municipal D. **Luis Perez Montes con nº persoal 82145**.
- e) Acordar o outorgamento ao empregado municipal D. **Jose María Raposo Aguiar**, con N.P. 15579 co posto e praza de administrativo de admon xeral, un complemento de produtividade polo desempeño de funcións de superior categoría – xefe de negociado de Estatística- no periodo comprendido entre 08/07/2015 ao 04/11/2016.
- f) Aprobar o aboamento da : cantidade de 943,36€, calculada en base as diferencias retributivas entre o posto ao que se atopa adscrito e o de xefe de negociado de estatística, segundo o estipulado nas vixentes instrucións sobre plantillaa ao empregado municipal D **Jose María Raposo Aguiar**, con N.P. 15579
- g) Acordar o outorgamento ao empregado municipal D **Juán Fernández Pérez (N.P. 60210)**, con posto de administrativo na oficina técnica de programación deportiva do Servizo de Deportes, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións do posto vacante por IT do seu titular, de "Adxunto Coordinador" amais das do seu posto e correspondentes ao periodo 18/01/2016 ao 11/05/2016, conforme as vixentes instrucións de plantilla



- h) *Aprobar o aboamento da cantidade de 1956,77 €, calculadas en función do importe mensual do posto acumulado –Adxunto Coordinador-, segundo as vixentes instruccións de plantilla ao empregado municipal **D Juan Fernández Pérez** (N.P. 60210),*
- i) *Outorgar ao funcionario **D Gumersindo Manuel Rosende Ríos** (NP 13758), adscrito ao posto Codg Rtb 151 Inspector auxiliar de cemiterios ,segundo informe do Xefe do servizo de Medio Ambiente, un complemento de produtividade destinado a retribuir o especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que están a desenvolver as funcións do xefatura do negociado ao que se atopa adscrito dende a xubilación da titular do posto de xefa de negociado, segundo as vixentes instruccións de plantilla.*
- j) *Aprobar o aboamento da cantidade total de 1935,47 –€ en concepto de produtividade a favor do empregado **D Gumersindo Manuel Rosende Ríos** (NP 13758), calculado conforme ao estipulado nas vixentes instruccións sobre plantilla en canto a desempeño de posto de superior categoría.*
- k) *Outorgar a empregada municipal **Dª Rosa Vila Campos** (N.P. 83271) , auxiliar administrativa adscrita ao servizo Vigozoo, un complemento de produtividade polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que está a desenvolver as súas funcións no servizo vlgozoo ao longo do ano 2016.*
- l) *Aprobar o aboamento da cantidade de 1402,39€, calculado segundo as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 , en referencia ao desempeño de posto de categoría superior a empregada municipal **Dª Rosa Vila Campos** (N.P. 83271)*
- m) *Comprometer o gasto total de 9399,68 € . a aboar en concepto de produtividade aos empregados municipais anteriormente relacionados e nas cantidades propostas*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1306).- PRODUTIVIDADE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE CONTABILIDADE E PRESUPUESTACIÓN. EXPTE. 29043/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/12/16, dáse conta do informe-proposta do 12/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“En data 25/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu atribuír temporalmente as funcións de máxima responsabilidade na dirección da orzamentación e no superior control da contabilidade do Concello de Vigo no funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Municipal, con carácter estritamente provisional e ata que non se proceda á aprobación do regulamento de organización ou de administración municipal que permita o desenvolvemento das previsións contidas no título X da Lei 57/2003, do 16 de decembro, en canto á obriga de creación do órgano responsable da xestión económico-financeira e orzamentaria nos municipios de grande poboación, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional regulado no artigo 134 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa de concordante aplicación, de conformidade co informe da xefatura de recursos humanos de data 24/02/2016.*

*No segundo punto de dita resolución ordease que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación de expediente administrativo tendente á xestión dos devengos susceptibles de xenerarse en tal concepto, que deberán retribuírse con cargo ao complemento retributivo de produtividade, nos termos do previsto na instrución terceira, apartado l) in fine das vixentes instrucións sobre plantilla, debendo determinarse e aprobarse, previa ou simultaneamente, os criterios obxectivos para o seu devengo, tal e como establece o dito apartado; e sendo tramitados e aboados coa periodicidade que proceda, nos termos do procedemento contemplado ao efecto, e previa a súa aprobación polos órganos municipais competentes.*

**Da devandita resolución se dio conta a Xunta de Goberno Local na sesión de 4 de marzo de 2016.**

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os*

*postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

- a) Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- b) Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- 1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- 2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*
- 3. Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do*

*contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*Segundo informe do Tesoureiro Municipal, cuantificase a realización das tarefas encomendadas (Orzamentación: 180h, Contabilidade 490h, Plataforma información MINHAP, Tribunal de Contas e outras administracións: 103h, Morosidade: 180h e outras plataformas: 35 h) nun total de 988 h, das que mais do 50% desenvólvense fora da xornada habitual de traballo.*

*Como parámetro obxectivo de cálculo considerase as diferenzas anuais entre os complementos específicos Codg 1 e Codg 2, que supón a cantidade de 6119,12 €*

*En consecuencia, vistas as circunstancias anteditas, previo informe da Intervención xeral nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1.- Acordar o outorgamento dun complemento de produtividade a D Luis Garcia Alvarez,, Tesoureiro Municipal, pola realización das funcións de máxima responsabilidade na dirección da orzamentación e no superior control da contabilidade do Concello de Vigo, encomendadas por Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 25/02/2016*

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 5609,19 –€ en concepto de produtividade a favor de D Luis Garcia Alvarez, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”, correspondentes ao periodo comprendido entre o 25/02/2016 ata o 30/11/2016

3.- Os sucesivos pagamentos devengarase de xeito Trimestral previo informe do superior xerarquico sobre a execucion das funcions encomendadas , que no caso de ser conforme será resolta a sua inclusión en nomina polo Concelleiro da Area de Xestion Municipal

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(1307).- PRODUTIVIDADE DOS SERVIZOS DE CEMITERIOS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 29010/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/12/16, dáse conta do informe-proposta do 09/12/16, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestion Municipal, ordease que pola Area de Recursos Humanos e Formacion se proceda á tramitación, , de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado no ano 2016 nos servizos de Cemiterios e Extinción de Incendios e Salvamento, previa a emisión dos correspondentes informes acreditativos que polas xefaturas dos servizos indicados se emitan, así como a emisión dos preceptivos informes ao respecto.

En data 24/11/2016 recibense nesta Area petición efectuada en informe da mesma data da xefatura do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento conformado polo ConcelleiroDelegado da Area (Doc 160154682), na que se solicita un complemento de produtividade para un total de 111 funcionarios do servizo baseada na falla de persoal e o esforzo e dedicacion dos membros do S.E.I.S., prestando servizo non soamente o Concello de Vigo, como é o seu deber, senon atendendo todos aqueles servizos que se orixinan fora do termo municipal e outros organismos como Porto de Vigo, Concello de Redondela, Mos, Porriño, Pazos de Borbén, Nigrán, Gondomar, Santa María de Oia e Baiona.

A proposta de outorgamento de complemento de produtividade ao persoal incluído na relación que se adxunta realizase en función das xornadas traballadas e as saídas

efectuadas fora do municipio, no periodo comprendido entre o 15 de xuño de 2016 ao 15 de setembro de 2016.

Figuran na proposta D Manuel Rodriguez Vazquez e D Lino Troncoso Padin, que causaron baixa por xubilacion en dtas 02/09/2016 e 15/09/2016 e que polo tanto na actualidade xa no manteñe vinculo de servizo con este Concello.

O importe total do complemento de produtividade proposto supón un total de 82.094,14€ unha vez descontados os importes propostos para as persoas mencionada anteriormente.

No Documento nº 150123982, do Servizo de Cemiterios, asinado polo Xefe do Servizo de Medio AMibente e conformado pola Concelleria da Area, se relacionan 19 empregados municipais con postos de Oficial sepultureiro, adscritos a dito servizo, para os cales se solicita un complemento de produtividade por importe total de **9.157,50€**, baseado a falta de persoal no mesmo (postos vacantes por falecementos, xubilacions, baixas de longa duracion, etc) que conlevou un esforzo e especial adicacion do persoal na atención aos oito cemiterios de titularidad municipal (Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamans), ao tratarse de servizos esenciais (art. 26.1 da LBRL), xa que deben prestarse en todo caso, independentemente do número de habitantes dos concellos. Amais o servizo de Prevención de Riscos Laborais informou ao negociado de cemiterios da necesidade de que en cada exhumación, teñen que asistir dous oficiais sepultureiros o que supón que o persoal ten que incrementar as súas tarefas diarias.

En consecuencia tendo en conta as especiais circunstancias que acontecen neste servizo, que ten que ser suplido co esforzo e especial dedicación dos restantes traballadores/as, solicítase en función da súa participación nos meses de xuño a setembro de 2016, tomando como referencia para o cálculo do importe o valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos, unha produtividade para o persoal do servizo de cemiterios.

Polo tanto, estase a falar do outorgamento dun complemento de produtividade a un total de 111 funcionarios pertencentes aos Servizos de Extinción de Incendios adscritos aos postos de Bombeiro, Condutor bombeiro, Cabo, Cabo condutor e Suboficial e Negociado de Cemiterios, en atención á actividade extraordinaria, especial rendimento e interese co que desempeñaron as súas funcións que permitiron prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída este Concello a través dos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento e Cemiterios e todo elo durante o periodo comprendido de xuño setembro ambos inclusive, de 2016.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o

ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

*-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local establece no seu artigo 5 que o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo. O artigo 5.2 establece que a apreciación da produtividade deberá facerse en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenvolvemento do posto de traballo e obxectivos asociados ao mesmo.

*Polo tanto ,o complemento de produtividade configúrase no ordeamento xurídico como unha remuneración ao especial rendimento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento específico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non podendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.*

*Así mesmo e en relación aos servizos para os cales se solicita o outorgamento dun complemento de produtividade no presente expediente, deberíase revisar o pacto de mínimos no servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, xa que poderíase estar xerando unha importante carga en reforzos e servizos extraordinarios en momentos nos que non é imprescindible dita presenza, estudio a fondo dos cuadrantes e os sistemas de descanso , dar cumprimento a normativa en canto a xornada anual, revisión das políticas de redución de xornada anual do persoal funcionario, eliminación de servizos extraordinarios non esenciais e búsqueda de alternativas como a planificación, etc, así como fomentar que todo o persoal realice funcións operativas que contribúan a diminución dos servizos extraordinarios. En particular e referente ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento considerase necesaria a realización dun estudio sobre a organización e estrutura do servizo, que permita una maior flexibilidade en canto as funcións a desempeñar polos distintos postos, análise dos cuadrantes e sistemas de descanso así como dar estricto cumprimento a normativa relativa a xornada anual.*

*Por outra banda, as necesidades en canto a persoal manifestadas nos informes de ditos servizos pódense minorar co incremento da plantilla, en aplicación do establecido no artigo 20 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, que contempla que:*

*“Oferta de Empleo Público u otro instrumento similar de gestión de la provisión de necesidades de personal*

**1.** A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas y entidades públicas empresariales, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales décima quinta, décima sexta y décima séptima, respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería profesional necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la Disposición adicional décima cuarta.

La limitación contenida en el párrafo anterior alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la Disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

**2.** Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento:

...../

- **H)** A las Administraciones Públicas respecto de la cobertura de las plazas correspondientes al personal de los servicios de prevención y extinción de incendios. En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de los servicios de prevención y extinción de incendios y salvamento, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el [artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera](#) tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas”

O incremento do número de efectivos en plantilla permitiría reorganizar a prestación do servizo de tal maneira que nos supostos de puntas de traballo ou incremento puntual das necesidades de efectivos e/ou demais imprevistos que podan xenerarse existan efectivos plenamente dispoñibles sen necesidade de acudir a realización de exceso de xornada, o cal, dende a estricta perspectiva da garantía da seguridade e saúde laboral contemplada como obriga da Administración Pública – na súa condición de empregadora- na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sen dúbida renundará na melloría na prestación do servizo.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendimientto superior ao normal no traballo e destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria



e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeñe o seu traballo, corresponde a súa cuantificación en atención a ese superior rendemento e ao grado de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma, eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente. Así, a súa asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables no tempo, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presenza do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das súas prestacións.

Por outra banda, as vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

-Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.

-Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo órgano competente.

-Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

-Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,

-A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

*-Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2014 e vixentes na actualidade..*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

- 1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- 2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturais debidamente xustificadas.*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*Como criterio obxectivo de calculo e tomando como referencia a estimación de adicación as funcións de consultoría anteriormente sinaladas cun total de 50 horas e o importe/hora estipulado para este tipo de tarefas, o contrato en vigor, (exp 7729 / 113), coa empresa propietaria da aplicación de Xestión de Persoal e Nómina, SAVIA.S.L. que é de por hora é de 98,81 € I.V.E. incluído así como a marxe empresarial aproximadamente un 20%, polo que se propón a realización do calculo co 50% do importe sinalado. Deste xeito, o importe proposto a aboar sería de 2472,75 €*

*En consecuencia, vistas as circunstancias anteditas, previo informe da Intervención xeral nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1.- Aprobar como criterio obxectivo para o calculo do importe proposto de aboamento en concepto de produtividade a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Alonso Cacheiro, núm. persoal 78150, o numero de horas adicadas as tarefas de consultoría relacionados co sistema informático de xestión de RRHH e nómina, estimadas polo responsable do servizo en 50, polo 50% do importe/hora estipulado para este tipo de tarefas, no contrato en vigor, (exp 7729 / 113), coa empresa propietaria da aplicación de Xestión de Persoal e Nómina, SAVIA.S.L.*

*2.-Acordar o outorgamento dun complemento de produtividade a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Alonso Cacheiro, núm. persoal 78150, con posto de Adxunta a xefatura do servizo de Administración Electrónica, adscrita a dito servizo, pola realización de traballos de consultoría especializada, relacionados co sistema que da soporte a xestión de recursos humanos e nómina de este Concello,*

3.- Acordar o aboamento da cantidade de 2472,75€ polo especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria así como interese e iniciativa , na realización de traballos de consultoría relacionados co sistema que da soporte a xestión de recursos humanos e nómina de este Concello, a funcionaria D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Alonso Cacheiro, núm. Persoal 78150, con cargo a partida 92001500000.

*Dese traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1311).- PRODUTIVIDADE DE CONSERXES DE INSTALACIÓNS DO IMD, PAVILLÓN TRAVIESAS E AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO IMD. EXPTE. 29049/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 12/12/16, do técnico de Organización e Planificación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“En data 05/11/2016 recíbese expte 657-611 no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade para distinto persoal do servizo de deportes, entre os que se atopan unha auxiliar administrativa do IMD e o persoal que esta a desempeñar as súas funcións na conserxería do Complexo Deportivo das Travesas.*

*Como xustificación a dita petición informase que:*

*No caso da auxiliar administrativa D<sup>a</sup> Ana María Bernárdez Besteiro, con NP 69948 ven xustificada polo desempeño con carácter extraordinario as funcións de coordinación administrativa na Concellería de Deportes e funcións propias de coordinación e xestión da axenda do Concelleiro de Deportes. Dentro da execución destas funcións a traballadora desenvolve entre outros asuntos, expedientes de contratación vinculados coa área de xestión orzamentaria (artigo “22” do orzamento do programa 3410) da Concellería de Deportes, así mesmo realiza os traballos de seguimento das facturas relacionadas cos expedientes mencionados e outras tarefas de coordinación entre o persoal da oficina administrativa de deportes, así como o seguimento e coordinación dos actos da concellería.*

*Solicítase o aboamento da cantidade de 1401,62 € , correspondentes ao período decembro 2015-outubro 2016, cálculo realizado tendo en conta as vixentes instrucións de plantilla en*

*canto ao desempeño de posto de categoría superior e polo tanto as diferencias retributivas existentes entre os postos de auxiliar administrativo e administrativo.*

*Aínda que no informe indicase que “Para a valoración deste apartado se ten en conta os calendarios laborais dos meses do período decembro 2015 e xaneiro-outubro 2016, polo cal a proposta de produtividade para este período ten un importe de 1401.62€, revisados os cálculos, e dados os importes das diferencias retributivas mensuais entre ambos postos no ano 2015 (126,32 €) e no ano 2016 (127,49€), e unha vez descontados os períodos vacacionais, toda vez que a produtividade aboarase en función dos días realmente traballados, a cantidade proposta sería de 1273,63€ polo período decembro 2015-outubro 2016.*

*Por outra banda solicítase aboamento de complemento de produtividade para o persoal que está a desenvolver as funcións de Conserxe responsable de instalacións no Pavillón Central das Travesas.*

*No servizo atópanse tres postos de Conserxes responsables de instalacións, estando dous deles no Pavillón Central das Travesas e outro noutra instalación deportiva. Os dous traballadores (laborais fixos do servizo de deportes) coa categoría “conserxe responsable de instalacións” realizan as funcións da súa categoría, fundamentalmente na conserxería do Complexo deportivo das travesas, cunha quenda de traballo de sete días de traballo, tres de descanso, sete de traballo e catro de descanso, rotando en xornada de mañá, tarde e correquendas.*

*As funcións veñen determinadas polos acordos definidos no regulamento de réxime interno aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 7 de marzo de 1997 e modificado en data 1 de marzo de 1999 e o acordo da Xunta de Goberno Local de sesión ordinaria de 13 de novembro de 2006, sobre a nova aplicación económica a parte dos postos de traballo encadrados nos grupos “D” e “E” do extinto IMD, en función do anexo II guía de función do servizo, aprobada na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo de data 25 de marzo de 2002.*

*Ditas funcións correspondese coas seguintes:*

- a) Serán os responsables do funcionamento das conserxerías en complexos deportivos con varias instalacións e de gran volume de traballo.*
- b) Distribuír o uso das instalacións ós usuarios en función da programación asignada.*
- c) Responsables do control e estado das Instalación, colaborando co Xefe de Mantemento no seguimento das tarefas relacionadas co mantemento da instalación.*
- d) Atención, información o público e control de acceso ás instalacións.*
- e) Control do estado do complexo deportivo e coordinación co resto das instalacións. No caso de necesidade, arbitrarán solucións por propia iniciativa e darán conta das mesmas os seus superiores.*

- f) *Responsable do control de usuario e portería das instalacións, dando toda a información necesaria o público.*
- g) *Coñecemento e manexo, en caso de necesidade, de todo os mandos de control e uso das instalacións: acendido de alumeado, ventilación, megafonía, cortinas, acendido de saunas e demais elementos de uso deportivo.*
- h) *Control e responsabilidade sobre o cobro das taxas pola utilización das instalacións, dando conta a diario da liquidación de recadación á oficina administrativa, utilizando para estos casos as máquinas o caixas oportunas.*
- i) *Realiza-la apertura e peche da instalación segundo o horario establecido.*
- j) *Cantas outras funcións lle sexan encomendadas inherentes o seu posto de traballo.*

*Os acordos anteriormente citados e as actualizacións retributivas realizadas ata a data en dito posto configuran dito posto como C2 CD 16 (importe mensual 353,19 €) e CE 90 (Importe mensual 678,19 €).*

*Por outra banda, o posto de oficiais de instalacións configúrase como C2, CD 15 (330,72 € mes) CE 156 (694,17€).*

*No informe do servizo de Deportes indícase que os conserxes do pavillón central, realizan de maneira específica tarefas superiores os oficiais de instalación xa que dirixen o persoal o seu cargo en xornadas de tarde ou durante fins de semana, reciben ou dan mensaxes a outras instalacións coordinando os seus funcionamentos; tales como peche dunha instalación por finalización da actividade e incluso coordinar situacións de emerxencia debido a circunstancias climáticas, en colaboración co responsable de programación, xefe de instalacións e Dirección.*

*Polo tanto propónse a cantidade de 1265,00 euros a cada un dos empregados municipais adscritos a Conserxería do Pavillón Central das Travesas , motivado nas características especiais do desempeño do seu posto en dita instalación, cantidade calculada en funcións das diferenzas retributivas existentes entre ambos postos antes do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2006.*

*Por outra banda unha traballadora laboral fixa do IMD, coa categoría "oficial de instalación", durante o período decembro 2015 e xaneiro-outubro de 2016 desenvolveu de maneira fixa as funcións de conserxe responsable de instalacións na conserxería do Complexo deportivo das travesas, cunha quenda de traballo de sete días de traballo, tres de descanso, sete de traballo e catro de descanso, rotando en xornada de mañá, tarde e correquendas.*

*Neste posto de traballo a traballadora realizou de maneira específica tarefas superiores os oficiais de instalación xa que dirixe o persoal o seu cargo en xornadas de tarde ou durante fins de semana, reciben ou dan mensaxes a outras instalacións coordinando os seus funcionamentos; tales como peche dunha instalación por finalización da actividade e incluso coordinar situacións de emerxencia debido a circunstancias climáticas, en colaboración co responsable de programación, xefe de instalacións e Dirección.*

Así, propónse o aboamento dun complemento de produtividade polo mesmo importe do proposto para o persoal con posto de Conserxe de instalacións.

De acordo as xornadas efectivamente traballadas segundo o calendario laboral aprobado as cantidades propostas para cada un dos empregados municipais son:

<b>Nome</b>	<b>Posto</b>	<b>Instalacións</b>	<b>Importe</b>
Estévez Bouza Silvia	Oficial Instalación	Travesas - Conserxeira	1.265,00 €
Dafonte Varela Carlos	C. Resp. Instalacións	Travesas – Conserxeira	1.265,00 €
Rivera Alén Luis	C. Resp. Instalacións	Travesas - Conserxeira	1.265,00 €

Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aquel destinado a retribuír un especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuír a contribución do empregado público á organización.

Ata a data, a medición da contribución do empregado público non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas, alonxadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, de xestión dos recursos humanos.

A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa.

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento, sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos, sendo o mais obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

O devengo de dito complemento haberá de ser proporcional as funcións desenvolvidas, sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvolto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derrogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo,

consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

*1.A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Especificamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

- 1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- 2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*



*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturais debidamente xustificadas.*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“produtividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1 Aprobar como criterio obxectivo de calculo do importe proposto para o aboamento dun complemento de produtividade aos empregados municipais adscritos ao servizo de deportes D. Carlos Dafonte Varela (NP 60083), D Luis Rivera Alén (NP 16840) e D<sup>a</sup> Silvia Estévez Bouza (NP 60904),, as diferencias retributivas mensuais entre os postos de Conserxe Responsable de Instalacións e Oficial de Instalacións anteriores a súa modificación segundo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2006*

*2 Acordar o outorgamento aos empregados municipios adscritos ao servizo de Deportes D. Carlos Dafonte Varela (NP 60083), D Luis Rivera Alén (NP 16840) conserxes responsable de instalacións IMD e D<sup>a</sup> Silvia Estévez Bouza (NP 60904) Oficial de instalacións IMD, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións de Conserxe Responsable de Instalacións no Pavillón Central das Travesas, no período decembro 2015-outubro 2016, segundo informe do servizo de data 03/11/2016, polo*

especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o período sinalado,

3 Acordar o aboamento das seguintes cantidades correspondentes ao período decembro 2015-outubro 2016 para os empregados municipais seguintes::

<b>Nome</b>	<b>Posto</b>	<b>Instalacións</b>	<b>Importe</b>
Estévez Bouza Silvia	Oficial Instalación	Travesas - Conserxería	1.265,00 €
Dafonte Varela Carlos	C. Resp. Instalacións	Travesas - Conserxería	1.265,00 €
Rivera Alen Luis	C. Resp. Instalacións	Travesas - Conserxería	1.265,00 €

4 Aprobar como criterio de calculo para o aboamento dun complemento de produtividade a D<sup>a</sup> Ana María Bernárdez Besteiro, con NP 69948, auxiliar administrativa adscrita ao servizo Deportes IMD, o recollido nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 , en referencia ao desempeño de posto de categoría superior.

5 Outorgar á empregada municipal D<sup>a</sup> Ana María Bernárdez Besteiro, con NP 69948, auxiliar administrativa adscrita ao servizo Deportes IMD, un complemento de produtividade polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que está a desenvolver as súas funcións no servizo no período decembro 2015-outubro 2016.

6 Aprobar o aboamento, en concepto de produtividade, da cantidade de 1273,63., a empregada municipal D<sup>a</sup> Ana María Bernárdez Besteiro con NP 69948, no período decembro 2015-outubro 2016.

7 Comprometer o gasto total de 5068,63€ . a aboar en concepto de produtividade aos empregados municipais anteriormente relacionados e nas cantidades propostas, con cargo a aplicación orzamentaria 92001500000.

Dese traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(1312).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. FRANCISCO JAVIER RIVEIRO ALVAREZ COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS CON CARGO Á PRAZA DE CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011,2ª FASE). EXPTE. 28567/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 07/12/16, do técnico de Organización e Planificación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

"Antecedentes:

*O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Cabo de Extinción de Incendios en réxime funcional e incluída no subgrupo C2 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, na súa sesión de 07 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do seguinte aspirante, que superou todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:*

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
9	RIVERO ÁLVAREZ	FRANCISCO JAVIER	36108569H	23,00

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 08/11/2016.*

*O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.*

*De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base 14ª das xerais, o aspirante aprobado unha vez achegada toda a documentación esixida nestas, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso as retribucións correspondentes ao posto que está desempeñando na actualidade (cód. 132-bombeiro) ata o momento do seu nomeamento como funcionario en prácticas, ademais dos trienios que actualmente ten recoñecidos, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario de carreira.*

*En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionario en prácticas** con cargo á praza convocada de **Cabo de Extinción de Incendios**, ó seguinte aspirante proposto polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios do concurso-oposición pola quenda de promoción interna e que acadou a seguinte puntuación total:

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTUACION</b>
<b>RIVERO ÁLVAREZ</b>	<b>FRANCISCO JAVIER</b>	<b>36108569H</b>	<b>23,00</b>

**SEGUNDO.**- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base 14 das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada a documentación esixida, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso as retribucións correspondentes ao posto que está desempeñando na actualidade (cód. 132-bombeiro) ata o momento do seu nomeamento como funcionario en prácticas, ademais dos trienios que actualmente ten recoñecidos) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**TERCEIRO.**- O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao interesado, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1313).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, COMO PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A. EXPTE. 29000/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta do 01/12/16, do técnico de Organización e Planificación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“Antecedentes:*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11/03/2016 acordou a aprobación dunha proposta de actuación e aprobación de programa para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos ámbitos materiais de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría (expte. 27064/220). O referido acordo autoriza o nomeamento por execución de programa temporal de dous/dúas efectivos con perfís de programación web e de aplicacións en JAVA con coñecementos de GIS, así coma de dous/dúas auxiliares administrativos/as e un/ha técnico/a de xestión.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/05/2016, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 03 de xuño seguinte, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as de Informática, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 27846/220, bases que foron publicadas no BOP de data 15 de xullo de 2016.*

*Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).*

*Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:*

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das*

Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 11/11/2016, formulou a correspondente proposta dos/as 3 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN S TOTAIS
1	FERNÁNDEZ BARCIELA	HUGO	76995811E	17,85
2	GUARÍN DÍEZ	LAUREANO	36081906N	17,65
3	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	36148330N	16,23

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Programador/a de Informática, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programador/a Informática, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 11/11/2016, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN S TOTAIS
1	FERNÁNDEZ BARCIELA	HUGO	76995811E	17,85
2	GUARÍN DÍEZ	LAUREANO	36081906N	17,65
3	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	36148330N	16,23

“Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria

de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(1314).- RECURSO DE ALZADA DE XOANA SONEIRA VILLARINO (OEP 2010-2011), DE AUXILIAR ADMÓN. XERAL. EXPTE. 29087/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/12/16, asinado polo secretario e a presidenta do Órgano de Selección para o nomeamento como funcionarios de carreira de seis prazas de auxiliar de Admón. Xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 4 de decembro de 2015, adoptou acordo sobre aprobación de listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de celebración da primeira proba dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en canto á provisión das prazas de, entre outras, AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (4 oposición libre das que 1 se reserva a discapacitados, e 2 promoción interna das que 1 se reserva a discapacitados).

Segundo.- O día 26 de novembro de 2016 realizouse o terceiro exercicio do proceso selectivo no vestíbulo do Auditorio Municipal de Vigo, proba de coñecementos de informática, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 16 preguntas, así como copiar un texto para medir o número de pulsacións.

O mesmo día publicáronse as puntuacións, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

O día 30 de novembro seguinte a aspirante D<sup>a</sup> Olga González Arias, impugnou a pregunta nº 12 do cuestionario tipo test solicitando a corrección da plantilla publicada, dando como correcta a opción B por ser a que recoñece o programa como 1º nivel de numeración.



O Órgano de Selección en sesión celebrada o día 1 de decembro acordou, tras consultar co técnico especialista que o asesorou, estimar a devandita reclamación por canto, segundo consta na correspondente Acta:

*“Trala presentación de reclamación á pregunta 12 do test, na que se preguntaba polo tamaño de letra asignado ao primeiro nivel de esquema, e visto que o estilo de texto asociado ao esquema ten un tamaño distinto ao da numeración asociada ao esquema, o Órgano de Selección decide anular a pregunta nº 12.”*

Como consecuencia do anterior, procedeuse a rectificar as notas publicadas o día 25 de novembro, publicando as notas resultantes trala anulación da devandita pregunta..

Terceiro.- O día 5 de decembro de 2016, a aspirante D<sup>a</sup> Xoana Soneira Villarino interpón recurso de alzada (nº Doc. 160164947), alegando que a pregunta número 12 estaba correctamente formulada e que a resposta correcta era a que figuraba na plantilla.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece que:

*“1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.*

*2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.*

*Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.*

*El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”*

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- A pregunta impugnada (nº 12 do test) foi formulada nos seguintes termos:

*“Á vista do esquema numerado, indique cal é o tamaño de letra asignado ao primeiro nivel de esquema  
a.- 18,2 / b.- 16,1 / c.- 14,1 / d.- Ningún dos anteriores.”*

A resposta correcta era a sinalada coa letra 'a'.

Ante a evidente especialidade da materia que nos ocupa, o Órgano de Selección solicitou o día 9 de decembro de 2016 ao asesor especialista D. Luis Iglesias Rejas a emisión dun informe sobre o recurso presentado.

O día 12 de decembro seguinte, o asesor especialista emitiu o mesmo nos seguintes termos:

*"No documento sobre o que había que facer o exercicio (doc8.odt), no menú contextual de calquera dos parágrafos de nivel 1, na opción [Numeración/Viñetas] > [Opcións] > [Nivel 1] > [Estilo de carácter] poderase observar que o estilo de carácter asociado á numeración é "Ningún". Isto implica que o tamaño de letra na numeración sempre vai coincidir co tamaño de letra asignado ao seu nivel de esquema, independentemente do que amose a interfaz de En conclusión, o tamaño de letra asignado ao primeiro nivel de esquema, tanto no texto como na numeración, é 18,2 puntos, que corresponde á opción A no exercicio do exame."*

Terceiro.- Procede, en consecuencia, estimar o recurso de alzada interposto, anulando o acordo deste Órgano de Selección polo que se anulaba a pregunta nº 12, dando validez á mesma, sendo a súa resposta correcta a opción A, polo que as puntuacións outorgadas en primeira instancia, publicadas o día 25 de novembro de 2016, adquiren novamente validez.

